

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE GEOGRAFÍA E HISTORIA

C.P.I. Camino de Santiago

CURSO 2018-2019

PROGRAMACIÓN XEOGRAFÍA E HISTORIA..... 4

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	4
<i>MARCO LEGAL: NORMATIVA APLICABLE.....</i>	<i>4</i>
<i>CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.....</i>	<i>4</i>
<i>O DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.....</i>	<i>5</i>
CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CHAVE..	5
OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	7
XEOGRAFÍA E HISTORIA 1ºESO	8
<i>OBXECTIVOS XEOGRAFÍA E HISTORIA 1º ESO.....</i>	<i>8</i>
<i>CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE. 1º ESO.....</i>	<i>9</i>
Temporalización. 1º ESO.....	13
Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe. 1º ESO.....	14
Procedementos e instrumentos de avaliación. 1º ESO.....	14
XEOGRAFÍA E HISTORIA 2ºESO	15
<i>OBXECTIVOS XEOGRAFÍA E HISTORIA. 2º ESO.....</i>	<i>15</i>
<i>CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE. 2º ESO.....</i>	<i>16</i>
Temporalización. 2º ESO.....	24
Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe. 2º ESO.....	25
Procedementos e instrumentos de avaliación. 2º ESO.....	25
XEOGRAFÍA E HISTORIA 3ºESO	26
<i>OBXECTIVOS XEOGRAFÍA E HISTORIA. 3º ESO.....</i>	<i>26</i>
<i>CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE. 3º ESO.....</i>	<i>27</i>
Temporalización. 3º ESO.....	32
Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe. 3º ESO.....	32
Procedementos e instrumentos de avaliación. 3º ESO.....	33
3º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA – SECCIÓN BILINGÜE.....	33
HISTORIA 4ºESO	34
<i>OBXECTIVOS. HISTORIA 4º ESO</i>	<i>34</i>
<i>CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE. 4º ESO.....</i>	<i>35</i>
Temporalización. 4º ESO.....	42
Grao mínimo de consecución para superar a materia. 4º ESO.....	42
Procedementos e instrumentos de avaliación. 4º ESO.....	43
4º ESO HISTORIA – SECCIÓN BILINGÜE.....	43
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.....	44
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	45
<i>RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2018-2019.....</i>	<i>46</i>
CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	46
<i>XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º, 2º, 3º E 4º ESO.....</i>	<i>46</i>
<i>XEOGRAFÍA E HISTORIA. 3º E 4º ESO BILINGÜE</i>	<i>47</i>
INDICADORES PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE	49
ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	50
DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.....	50

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	51
ELEMENTOS TRANSVERSAIS	52
<i>FOMENTO DA LECTURA. COMPRENSIÓN LECTORA. EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA</i>	<i>52</i>
<i>COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN</i>	<i>52</i>
<i>EMPRENDEMENTO.....</i>	<i>53</i>
<i>EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL</i>	<i>53</i>
<i>OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS</i>	<i>54</i>
<i>CONCRECIÓN DOS CONTIDOS TRANSVERSAIS PARA CADA CURSO.....</i>	<i>55</i>
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS	59
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	59
CONTRIBUCIÓN AOS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO	60
PROGRAMACIÓN VALORES ÉTICOS 4º ESO	60
INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	60
CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CHAVE	61
OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	61
OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA MATERIA DE VALORES ÉTICOS 4º ESO	62
<i>OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE VALORES ÉTICOS.....</i>	<i>62</i>
<i>CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE. VALORES ÉTICOS 4º ESO</i>	<i>63</i>
Temporalización. Valores Éticos 4º ESO	69
Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe. Valores Éticos 4º ESO.....	70
Procedementos e instrumentos de avaliación. Valores Éticos 4º ESO	71
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.....	71
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	71
CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	72
INDICADORES PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE	73
ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	73
DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.....	73
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	74
ELEMENTOS TRANSVERSAIS	75
<i>FOMENTO DA LECTURA. COMPRENSIÓN LECTORA. EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA</i>	<i>75</i>
<i>COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN</i>	<i>75</i>
<i>EMPRENDEMENTO.....</i>	<i>76</i>
<i>EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL</i>	<i>76</i>
<i>OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS</i>	<i>77</i>
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS	77
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	77

PROGRAMACIÓN XEOGRAFÍA E HISTORIA

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

Na etapa da Ensinanza Secundaria Obrigatoria, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

Tamén é importante a achega que fai a materia de Xeografía e Historia ás competencias clave, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas mediante os contidos de Historia como de Xeografía, a competencia de conciencia e expresión cultural pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na Historia e de maneira máis específica na historia da Arte.

O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

Na secuencia dos tres primeiros cursos de ESO tivéronse en especial consideración dous factores: por unha banda procurouse unha repartición o máis equilibrada posible entre a Xeografía e a Historia nos tres cursos e, por outra, intentouse secuenciar do xeral ao particular, traballando nos primeiros cursos con contidos máis globalizados e incrementando o nivel de complexidade á medida que se avanza na etapa. Dese xeito, procúrase ir da identificación e da localización dos primeiros cursos en Xeografía cara a realización de tarefas máis elaboradas no remate da etapa. A Historia recibe un tratamento semellante, pois os contidos cos que o alumnado traballará nos primeiros cursos presentan un enfoque máis xeral, que abrangue o devir humano ata o século XVIII e deixa o derradeiro curso da etapa para o estudo da historia contemporánea. En todo caso, a evolución histórica dos dereitos da muller ata a actualidade debe formar parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula.

MARCO LEGAL: NORMATIVA APLICABLE

- Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O centro CPI Camiño de Santiago é un centro público integrado, situado na parroquia de Pedrouzo, no concello de O Pino. Con un ámbito de influencia de 4.900 habitantes, caracterizados por un nivel socio-cultural que poderíamos considerar de tipo medio. Actualmente a súa poboación dedícase principalmente aos sectores agrícola-gandeiro e de servizos e a súa lingua vehicular é principalmente o galego.

Dentro das características do centro é un centro público integrado por Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. Consta de 5 unidades de Educación Infantil, 10 unidades de Educación Primaria e 4 grupos de ESO, un de 1º ESO, un de 2º ESO, un de 3º ESO e un de 4º ESO. En 3º e 4º ESO existen tres seccións bilingües en inglés, de Xeografía e Historia (3º e 4º) e Música (3º).

A Ensinanza Secundaria Obrigatoria contaría cos catros curso da ESO, con un número de alumnos que se detalla a continuación:

CURSOS	ALUMNOS
1º ESO	24
2º ESO	27
3º ESO	25
4º ESO	28

Ademais, o centro conta con biblioteca, aulas de informática, dous laboratorios de Ciencias Naturais e Física e Química, sala de titorías, e servizo de comedor para infantil e primaria e os martes para o alumnado da ESO.

O DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Docentes

- Eulalia María Simal Iglesias, xefa do Departamento.
- María José Troitiño, profesora definitiva do departamento de Educación Física.

Horas asignadas 21 horas lectivas e 1 hora de xefatura de Departamento:

- CC.SS. 1º ESO (3 horas semanais/grupo =3 horas semanais).
- CC.SS. 2º ESO (3 horas semanais/grupo = 3 horas semanais).
- Xeografía e Historia 3º ESO (3 horas semanais/grupo = 3 horas semanais).
- Xeografía Sección Bilingüe 3º ESO (3 horas semanais = 3 horas semanais).
- Historia 4º ESO (3 horas semanais/grupo = 3 horas semanais).
- Historia Sección Bilingüe 4º ESO (3 horas semanais/grupo = 3 horas semanais).
- Valores Éticos 4º ESO: (1 hora semanal/grupo = 1 hora semanal).
- Sesións coordinación sección bilingüe: (1 hora semanal/sección= 2 horas semanais)

Seccións bilingües

- Xeografía e Historia 3º ESO. 16 alumnos e alumnas.
- Historia en 4º ESO. 16 alumnos e alumnas.

Grupos	Área/Materia	Docente	Horas semanais	Total horas
1º	CC.SS	María José Troitiño	3	17
2º	CC.SS.	Eulalia M. Simal Iglesias	3	18
3º	CC.SS	Eulalia M. Simal Iglesias	3	
3º	Xeografía e Historia Sección Bilingüe	Eulalia M. Simal Iglesias	3	
4º	Historia	Eulalia M. Simal Iglesias	3	
4º	Historia Sección Bilingüe	Eulalia M. Simal Iglesias	3	
4º	Valores Éticos	Eulalia M. Simal Iglesias	1	
Reunión Coordinación Sección Bilingüe		Eulalia M. Simal Iglesias	2	

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CHAVE

A área de Xeografía e Historia resulta fundamental para o desenvolvemento da competencia social e cidadá, posto que facilita as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social.

É ben coñecido o papel que as Xeografía e Historia xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais. Na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social permiten a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social democrática e posibiliten unha interacción responsable co medio, teñen que incorporar a visión de que o mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este.

O desenvolvemento desta competencia require ademais o tratamento destes contidos desde unhas metodoloxías participativas, interactivas, que propicien habilidades para participar na vida cívica, para asumir os valores democráticos e para o cumprimento dos deberes.

<p>Competencia de coñecemento e interacción no mundo físico</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ As características do espazo físico: observación, análise e definición. ▪ As relacións entre o ser humano e o medio: as consecuencias da <i>acción humana na súa utilización do espazo</i> e dos recursos, os problemas que isto xera e a creación dunha conciencia medioambiental informada e crítica. ▪ A representación cartográfica (lenda dos mapas, orientación e coordenadas xeográficas, escala, gráficos, mapas do relevo, mapas topográficos,...) ▪ Análise do contorno (observar o tempo, describir unha paisaxe, describir fotografías, analizar casos reais relacionados co medio físico,...). ▪ Desenvolvemento de procedementos de orientación, localización, observación e interpretación de espazos, paisaxes e a súa representación cartográfica
<p>Competencia cultural e artística</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Estudio dos estilos e obras de arte ao longo da historia: coñecemento do vocabulario específico, análise e comentario das obras de arte, comparación entre estilos e autores, establecemento de relacións significativas entre as manifestacións artísticas e culturais e o seu contexto histórico amplo. ▪ Coñecer e valorar as manifestacións do feito artístico, favorecendo o goce artístico e a apreciación do patrimonio cultural e a súa conservación, particularmente de Galicia.
<p>Competencia en comunicación lingüística</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Dominio da comprensión lectora a través do traballo con distintos tipos de textos: buscar informacións concretas, identificar a idea xeral, separar as ideas principais das secundarias, elaborar títulos axeitados, organizar a información dun texto. ▪ Desenvolvemento da escritura, producindo textos dunha progresiva complexidade mediante o traballo de habilidades básicas tales como: establecer similitudes e diferenzas entre textos, desenvolver analogías e xeneralizacións a partir de informacións concretas, elaboración de esquemas e comentarios de texto. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Reflexionar criticamente sobre a información dun texto: expoñendo clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión, xustificando un punto de vista, separando feitos de opinións, datos probados de hipóteses verosímiles, o falso do verdadeiro. ▪ Adquisición dun vocabulario preciso e específico da Xeografía e Historia. ▪ Tratamento da información e competencia dixital
<p>Competencia dixital</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Aprender a recoller información en internet, seleccionando e discriminando esta información, xa que por si mesma non produce unha forma adecuada de coñecemento. ▪ Busca de distintos tipos de fontes, primarias e secundarias, escritas, materiais, iconográficas e orais a través das novas tecnoloxías. ▪ Fomento dunha actitude crítica, atendendo ás contradicións e diverxencias que poidan xurdir e integrando a información obtida de diferentes fontes. ▪ Comunicación desta información en soporte dixital dunha maneira clara e ben estruturada.
<p>Competencia matemática</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Realización de operacións sinxelas, realización e interpretación de escalas numéricas e gráficas, representación

<p>gráfica de información estatística,...).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprensión e elaboración de táboas, estatísticas ou gráficos sobre datos específicos de poboación, actividades e crecemento económico, clima etc.
<p>Autonomía e iniciativa persoal</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolvemento de estratexias de planificación e execución do traballo. ▪ Realización de debates e de traballos individuais ou en grupo, nos que idear, analizar, planificar, actuar, revisar o tema a tratar, comparar os obxectivos previstos cos alcanzados e extraer conclusións. ▪ Estimular o desenvolvemento dun criterio propio, criticando posturas e defendendo argumentos dun xeito crítico e autónomo.
<p>Competencia social e cidadá</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reflexión crítica sobre procesos das sociedades pasadas e actuais. ▪ Comprensión de conceptos como democracia, liberdade, solidariedade ▪ Traballo da empatía, mediante exercicios de diálogo, traballos en grupo, participación en debates,... ▪ Fomento dunha interacción responsable co medio, incidindo na visión de que o mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. ▪ Desenvolvemento da conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante el. ▪ Establecemento de metodoloxías participativas, interactivas e centradas no diálogo que propicien habilidades para participar na vida cívica, para asumir os valores democráticos e para o cumprimento dos deberes.
<p>Competencia para aprender a aprender:</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolvemento dunha aprendizaxe continuada e autónoma, buscando ferramentas que faciliten a aprendizaxe e repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas. ▪ Tomar conciencia da importancia de coñecer o que se sabe e do que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades, tendo en conta as propias potencialidades e as propias carencias. ▪ O uso de esquemas, de resumos, de cadros de dobre entrada, de mapas de conceptos, de liñas do tempo e cadros cronolóxicos.

OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g)** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h)** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i)** Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j)** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k)** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l)** Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m)** Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n)** Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

XEOGRAFÍA E HISTORIA 1ºESO

OBXECTIVOS XEOGRAFÍA E HISTORIA 1º ESO

- Coñecer as características xeográficas do planeta Terra e as súas implicacións na hora, días, estacións, anos e fusos horarios. Interpretar y utilizar correctamente o sistema de coordenadas xeográficas e as proxeccións cartográficas máis frecuentes.
- Identificar os axentes que inciden na formación do relevo. Coñecer e identificar os principais elementos do relevo, as características xerais do relevo dos continentes e as súas unidades estruturais.
- Coñecer e localizar os principais océanos, mares, ríos e lagos do planeta. Identificar os elementos do relevo submarino. Coñecer o ciclo da auga e a súa importancia para a vida.
- Coñecer a composición da atmosfera e valorar a súa importancia para a vida humana. Recoñecer os elementos que determinan o tempo: temperatura, presión e humidade. Iniciarse na interpretación dun mapa meteorolóxico.
- Coñecer os factores que determinan o clima, as diferentes zonas climáticas e as características dos principais climas fríos, temperados e cálidos. Identificar as zonas climáticas. Identificar as paisaxes naturais que se dan nas zonas de climas fríos, temperados e cálidos do planeta, describir as súas características e coñecer las formas de vida nestas zona. Coñecer as diferentes paisaxes naturais españolas.
- Comprender que é un ecosistema e como funciona, coñecer os riscos ecolóxicos de tipo natural e humano. Distinguir entre recursos renovables e non renovables.
- Valorar criticamente a acción dos seres humanos na transformación do medio natural e a necesidade de adoptar conductas responsables ante la necesidade de protexer o medio ambiente.
- Utilizar las unidades de tempo histórico e situar feitos históricos en representacións gráficas.
- Comprender o proceso de hominización e los trazos evolutivos. Relacionar las creacións artísticas da Prehistoria coas crenzas dos grupos humanos que as produciron e coñecer as principais manifestacións artísticas rupestres, mobiliarias e megalíticas de Europa e da Península Ibérica.

- Coñecer as etapas da Prehistoria na Península Ibérica e as características das principais culturas que se desenvolveron en cada unha de elas.
- Valorar a importancia do patrimonio arqueolóxico para o coñecemento histórico e tomar conciencia da necesidade da súa conservación.
- Comprender as causas do nacemento das civilizacións e coñecer as características das primeiras cidades. Coñecer os principais trazos das civilizacións mesopotámica e exipcia nas súas diversas formas e desenvolvemento histórico.
- Situar xeograficamente os pobos hebreo e fenicio, e coñecer as súas principais aportacións.
- Coñecer os principais trazos da civilización grega nas súas diversas formas e desenvolvemento histórico, con especial énfase no concepto de polis, no desenvolvemento da arte grega e nas aportacións helénicas aos campos da ciencia e da cultura. Identificar a influencia da Antiga Grecia na Península Ibérica e no mundo actual.
- Coñecer os principais trazos da civilización romana nas súas diversas formas e desenvolvemento histórico, con especial énfase nas aportacións romanos aos campos da lei, urbanismo e a cultura. Identificar a influencia da Antiga Roma na Península Ibérica e no mundo actual.
- Situar a orixe del cristianismo, coñecer as súas características máis significativas e comprender as causas da súa expansión.
- Recoñecer as principais características dos pobos indíxenas da Antigüidade na Península Ibérica: celtas e iberos.
- Obter información xeográfica e histórica a partir de diferentes tipos de documentos visuais: fotografías, mapas, etc. Analizar textos e mapas históricos.

CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE. 1º ESO

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.1. Interpreta como influen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta. ▪ XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Localización. Latitude e lonxitude. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ g		coordenadas xeográficas.	características. ▪ XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h	▪ B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta.	▪ B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.	▪ XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h	▪ B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.	▪ B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.	▪ XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais. ▪ XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m	▪ B1.7. Medio natural europeo: principais trazos.	▪ B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.	▪ XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA
▪ b ▪ e ▪ f ▪ g	▪ B1.8. Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo.	▪ B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.	▪ XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
▪ b ▪ e ▪ f ▪ h ▪ m	▪ B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo.	▪ B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.	▪ XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa. ▪ XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
▪ b ▪ e ▪ f ▪ m	▪ B1.10. Diversidade de espazos naturais europeos.	▪ B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.	▪ XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
▪ b ▪ e ▪ f	▪ B1.11. Medio natural: áreas e problemas ambientais.	▪ B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.	▪ B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ m 			páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
Bloque 3. A Historia				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Fontes históricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Cambio e continuidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Tempo histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Evolución das especies e a hominización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Entender o proceso de hominización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		global da súa evolución.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ g ▪ h ▪ l ▪ n ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores. ▪ B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social. ▪ B3.9.3. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai". 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Idade Antiga: invención da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Idade Antiga: historia de Exipto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. Idade Antiga: relixión exipcia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.15. Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.16. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			democracia grega e as democracias actuais.	▪ CAA
▪ g ▪ l	▪ B3.17. Mundo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas.	▪ B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización.	▪ XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.	▪ CSC ▪ CAA
▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ l	▪ B3.18. Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo.	▪ B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.	▪ XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre. ▪ XHB3.8.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CSC ▪ CAA
▪ f ▪ g ▪ h ▪ l ▪ n	▪ B3.19. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.	▪ B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.	▪ XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. ▪ XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL
▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ l	▪ B3.20. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.	▪ B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.	▪ XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma. ▪ XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CSC ▪ CAA
▪ g ▪ l ▪ n ▪ ñ	▪ B3.21. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.	▪ B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.	▪ XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
▪ g ▪ l ▪ n ▪ ñ	▪ B3.22. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo.	▪ B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.	▪ XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana. ▪ XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. ▪ XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC

Temporalización. 1º ESO

1ª AVALIACIÓN

2ª AVALIACIÓN

3ª AVALIACIÓN

<ul style="list-style-type: none"> • A Terra, un planeta do Sistema Solar. Formas, dimensións, representación. Os mapas. • O relevo da Terra. Axentes internos e externos da formación do relevo. Relevo continental. • A hidrosfera: auga doce e salgada. A distribución das augas no planeta • O tempo atmosférico. Radiación solar e temperatura. Humidade do aire e precipitacións. Presión atmosférica e ventos • Os climas da Terra. A distribución das temperaturas e precipitacións. 	<ul style="list-style-type: none"> • As paisaxes de climas temperados. A paisaxe de Europa • As paisaxes de climas cálidos. A paisaxe das zonas frías • A terra como ecosistema. Riscos e catástrofes. O ecosistema urbano. Os problemas ambientais • A Prehistoria. As comunidades de cazadores-colleiteiros. • O Neolítico. As aldeas agrícolas e gandeiras. • As primeiras civilizacións: Mesopotamia e Exipto 	<ul style="list-style-type: none"> • Grecia, da polis ao imperio. As dúas grandes polis: Esparta e Atenas. A colonización do Mediterráneo polos gregos • As colonización e os pobos prerromanos. • Fenicios, gregos e cartaxineses • Roma, da República ao Imperio. A Roma republicana. O Imperio romano. • As relixións grega e romana. A arte clásica • A Hispania prerromana. A romanización na Península Ibérica. O legado romano en España.
(5 UD) , 30 sesións	(5 UD) , 39 sesións	(5 UD) , 27 sesións

Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe. 1º ESO

- Coñecer o planeta Terra: forma, dimensións e condicións que fan posible a vida.
- Representación do espazo terrestre: localizar en mapas lugares e espazos concretos como as comunidades autónomas españolas, estados da Unión Europea, estados do mundo. Interpretar e coñecer mapas físicos. Orientarse e calcular distancias. Elaborar esbozos gráficos.
- Identificar e localizar os trazos físicos máis destacados: relevo, clima, augas, que conforman os grandes medios naturais con especial referencia a Galicia, España e Europa.
- Distinguir os distintos tipos de medios segundo as súas posibilidades de transformación pola acción humana.
- Problemas ambientais máis graves de Galicia, España, Europa e o mundo, valorando os riscos que supoñen.
- Comprender os procesos de hominización e humanización, así coma os cambios radicais que supón a Revolución Neolítica.
- Principais pobos e culturas da Península Ibérica na antigüidade: identificación, cronoloxía e situación xeográfica.
- Trazos esenciais das primeiras civilizacións históricas: Exipto e Mesopotamia. Cultura e relixión exipcia
- • Grecia e as súas aportacións á civilización occidental. Períodos da cultura grega(arcaica, clásica e helenística). A arte grega
- • Roma e o seu legado: A evolución política: da república ao imperio. A sociedade romana. A cultura e relixión romanas.
- A romanización en Galicia e España.
- Obter información a partir de diversas fontes (documentos escritos e en xeral vestixios do pasado), para interpretar os cambios, identificar e situar cronoloxicamente para comprender as orixes e identidade de Galicia e España, valorando o seu patrimonio

Procedementos e instrumentos de avaliación. 1º ESO

- Observación directa do traballo diario avaliará o interese e a actitude participativa do alumnado na aula.
- Seguimento e valoración das tarefas propostas por unidade didáctica e por avaliación (análise de textos, imaxes, gráficos, documentos audiovisuais, lectura e interpretación de textos, elaboración de definicións, respostas a preguntas curtas e elaboración de pequenas redaccións, elaboración de esquemas, resumos e cadros sinópticos, análise de obras de arte, elaboración de eixos cronolóxicos, exposición oral das propias ideas e opinións con corrección e madurez expositiva, pequenos debates entre o alumnado, presentacións dixitais de pequenos traballos).
- Tarefas complementarias, de reforzo ou ampliación.

- Desenvolvemento e posta en práctica de valores e actitudes de respecto, espírito crítico, empatía cara os demais, responsabilidade e autonomía, creatividade, curiosidade e cooperación.
- Realizaranse exames escritos periodicamente, repartindo a materia segundo o grao de dificultade e o ritmo de aprendizaxe do grupo ao longo do desenvolvemento dos temas. Procurarase sempre que haxa máis dunha proba escrita por avaliación e mesmo cando se considere necesario farase unha proba dun só tema se este presenta especial dificultade pola súa abstracción ou se considera que ten especial importancia para a adquisición de futuros coñecementos, tanto do propio nivel educativo no que estamos como para niveis posteriores e mesmo para a súa educación integral como persoas e cidadáns responsables.
- Probas de recuperación finais de avaliación ou ben parciais nos casos en que se considere necesario

Estes procedementos concretaranse e adaptaranse en función dos ritmos de aprendizaxe e motivacións de cada grupo.

XEOGRAFÍA E HISTORIA 2ºESO

OBXECTIVOS XEOGRAFÍA E HISTORIA. 2º ESO

- Ordenar os acontecementos históricos en eixes cronolóxicos e localizalos no espazo coa fin de adquirir unha perspectiva global da evolución histórica da Humanidade que teña en conta os procesos de cambio e de permanencia.
- Describir a evolución de Europa e Hispania tras a fragmentación do Imperio romano prestándolle especial atención ao imperio carolinxo e analizar os elementos que, tras a morte de Carlomagno, propiciaron o nacemento do feudalismo.
- Caracterizar a orixe e evolución do reino suevo de Galicia, os seus trazos sociais, económicos e políticos máis destacados e os motivos da súa desaparición.
- Coñecer as orixes do Islam, a conquista musulmá da Península e a evolución histórica de Al-Ándalus.
			durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI.	▪ CAA
			▪ XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.	▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA
▪ f ▪ l ▪ ñ	▪ B10.2. Cambio e continuidade.	▪ B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	▪ XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. ▪ XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CMCCT
▪ f ▪ l ▪ ñ	▪ B10.3. Tempo histórico.	▪ B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	▪ XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	▪ CSC ▪ CMCCT
▪ h ▪ l ▪ ñ	▪ B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea.	▪ B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	▪ XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	▪ CSC ▪ CCL

Temporalización. 4º ESO

UNIDADES DIDÁCTICAS	
1º trimestre	Unidade 1. A crise do Antigo Réxime (Setembro-Outubro) Unidade 2. Revolucións liberais e nacionalismos (Outubro) Unidade 3. A Revolución industrial e os cambios sociais (Outubro – Novembro) Unidade 4. España no século XIX (Novembro e Decembro)
2º trimestre	Unidade 5. Imperialismo, guerra e revolución (Xaneiro) Unidade 6. O mundo de entreguerras (Febreiro) Unidade 7. España: da crise do 98 á Guerra Civil (Marzo) Unidade 8. A Guerra Fría (Abril)
3º trimestre	Unidade 9. A descolonización e o Terceiro Mundo (Abril - Maio) Unidade 10. O mundo desde 1945 ata a actualidade (Maio) Unidade 11. España: da ditadura á democracia (Xuño)

Grao mínimo de consecución para superar a materia. 4º ESO

- Coñecer, analizar e valorar os cambios que no ámbito político, socioeconómico e intelectual caracterizan o Antigo Réxime.
- Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.

- Enumerar as transformacións do século XVIII con especial referencia ó reformismo borbónico de España.
- Distinguir os cambios políticos que conducen á crise do Antigo Réxime e ás revolucións liberais: repercusión en España e en Galicia. Dificultades para a construción do estado liberal.
- Comprender as transformacións económicas, sociais e culturais que xorden coa Revolución Industrial. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.
- Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.
- Caracterizar os feitos e conflitos da primeira metade do século XX Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.
- Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.
- Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.
- Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil
- Comprender as transformacións posteriores á II Guerra Mundial. A división do mundo en bloques e características de cada un deles. Problemas derivados da descolonización.
- Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto posterior de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.
- Comprender o proceso de integración europea e papel de España nese proceso.
- Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas
- Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.

Procedementos e instrumentos de avaliación. 4º ESO

- Observación directa do traballo diario avaliará o interese e a actitude participativa do alumnado na aula.
- Seguimento e valoración das tarefas propostas por unidade didáctica e por avaliación (análise de textos, imaxes, gráficos, documentos audiovisuais, lectura e interpretación de textos, elaboración de definicións, respostas a preguntas curtas e elaboración de pequenas redaccións, elaboración de esquemas, resumos e cadros sinópticos, análise de obras de arte, elaboración de eixos cronolóxicos, exposición oral das propias ideas e opinións con corrección e madurez expositiva, pequenos debates entre o alumnado, presentacións dixitais de pequenos traballos).
- Tarefas complementarias, de reforzo ou ampliación.
- Desenvolvemento e posta en práctica de valores e actitudes de respecto, espírito crítico, empatía cara os demais, responsabilidade e autonomía, creatividade, curiosidade e cooperación.
- Realizaranse exames escritos periodicamente, repartindo a materia segundo o grao de dificultade e o ritmo de aprendizaxe do grupo ao longo do desenvolvemento dos temas. Procurarase sempre que haxa máis dunha proba escrita por avaliación e mesmo cando se considere necesario farase unha proba dun só tema se este presenta especial dificultade pola súa abstracción ou se considera que ten especial importancia para a adquisición de futuros coñecementos, tanto do propio nivel educativo no que estamos como para niveis posteriores e mesmo para a súa educación integral como persoas e cidadáns responsables.
- Probas de recuperación finais de avaliación ou ben parciais nos casos en que se considere necesario

Estes procedementos concretaranse e adaptaranse en función dos ritmos de aprendizaxe e motivacións de cada grupo.

Os Obxectivos, Contidos, Criterios de Avaliación e Estándares de Aprendizaxe das materias de 3º e 4º ESO Xeografía e Historia nas Seccións Bilingües son os mesmos que os de aos de 3º e 4º ESO Xeografía e Historia, pero adaptados ao vocabulario e o nivel de coñecemento do idioma da lingua inglesa do alumnado. Polo tanto, o nivel de desenvolvemento da competencia lingüística tanto na comprensión como produción de textos será sempre acorde ao dominio do alumnado das estruturas, vocabulario, gramática, pronuncia, etc da lingua inglesa. O alumnado acadará competencia en comunicación lingüística mediante o desenvolvemento das capacidades de comprensión (Listening, Reading) e de produción (Speaking, Writing). Cabe salientar neste sentido que este curso que comeza a Consellería non nos asignou un asistente lingüístico, polo que é de esperar que o traballo relativo ao desenvolvemento da comunicación lingüística se vexa afectado notablemente.

No tocante á metodoloxía, empregaremos a metodoloxía AICLE/CLIL (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas Etranxeiras ou Content and Language Integrated Learning) que se basea nos seguintes presupostos:

- Ensinanza centrada no alumnado, promovendo a súa implicación no proceso de ensino-aprendizaxe mediante a cooperación de todas as partes (alumnado e profesora).
- Ensino flexible e facilitador, atendendo aos distintos estilos de aprendizaxe.
- Aprendizaxe máis interactivo e autónomo
- Uso de múltiples recursos e materiais, especialmente as TIC e material audiovisual.
- Aprendizaxe enfocado a procesos e tarefas

Debido ás peculiaridades da aprendizaxe CLIL, as primeiras sesións do curso serán dedicadas a un *Reminder*, no que poder enlazar co programa de Historia de 4ºESO mediante un repaso aos últimos contidos explicados en 3º ESO e unha síntese da última unidade do ano pasado, que quedou sen explicar. Deste xeito, preténdese “reactivar” as competencias lingüísticas do alumnado e enlazar co aprendido o curso pasado, facilitando así a súa incorporación ao novo curso académico.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade.

Entendemos que o proceso de ensino-aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos.
- Favorecer situacións nas que os alumnos e alumnas deban actualizar os seus coñecementos e relacionalos coa súa realidade máis próxima.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos e alumnas, co fin de que resulten motivadoras.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

- **Metodoloxía activa.** Supón prestar atención a aspectos relacionados ao clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe. Serán o alumnado o responsable de establecer as datas dos exames.
- **Motivación.** Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos e alumnas. O alumnado debe comprender a necesidade, utilidade e os beneficios das propostas educativas que se lle ofrecen. A comunicación co alumnado debe ser fluída, baseada na confianza e na comprensión de que o profesorado os aprecia e traballa e se esforza polo seu ben.
- **Traballo cooperativo,** poñendo en práctica distintas formas de agrupamento nos que os alumnos poidan explorar o traballo en grupo ou en parellas, con compañeiros distintos e en roles diferentes. É importante que o grupo se auto avalíe.

- **Docencia compartida e interdisciplinabilidade.** Colaboración con outros docentes, no noso caso destaca a colaboración co Departamento de Inglés e Tecnoloxías (Sección bilingüe, Proxecto Terra). Procuraremos reforzar e enlazar con contidos xa explorados noutras materias, evitando crear a sensación dun aprendizaxe en compartimentos estancos.
- **Conciencia crítica.** Fomentar no alumnado a conciencia de que eles formarán a cidadanía do futuro, unha cidadanía que compre que sexa diversa, activa e cooperativa, ao servizo da mellora da sociedade e da súa propia vida.
- **Fomentar hábitos de lectura comprensiva,** ofrecendo diversidade de textos e formatos, sen excluír a linguaxe artística e audiovisual.
- **Multiplicidade de soportes e medios que apoiem o proceso educativo.** Procuraremos que as sesións inclúan diversas destrezas, ferramentas e soportes educativos (textos, clips de vídeo, música, cancións, resumos, esquemas, obras de arte...). Isto vese favorecido polo emprego sistemático do ordenador portátil e a conexión a internet. Incorporar sistematicamente **elementos visuais** para facilitar a comprensión dos contidos: imaxes, vídeos...
- Vertebrar a aprendizaxe sobre os valores de **respecto**. Empregar o **desenvolvemento persoal e emocional** como base de calquera aprendizaxe (procurando espazos de meditación, silencio e introspección). Crear un clima de ensino aprendizaxe valorativo, enfocado no **reforzo positivo** e na corrección construtiva dos erros e carencias, atendendo ao estado anímico e emocional do alumnado. Transmitir o **gozo** que existe na aprendizaxe como proceso que conduce ao pracer, disfrute do mundo que lles rodea e satisfacción persoal. Fomento da **autonomía persoal e da conciencia deles mesmos** e dos seus procesos (así pois, serán eles os que establezan a nota que lles corresponde nas probas de avaliación, unha vez corrixidas pola profesora) e transmitir o valor da **constancia e o esforzo**, establecendo parámetros que valoren o seu traballo diario.
- **Plan para o fomento da lectura.** O alumnado de 4º de ESO deberán realizar unha lectura obrigatoria no curso que será do libro de Primo Levi, *Si esto es un hombre*. De producirse dificultades con este texto, a profesora ofrecerá lecturas alternativas. No curso de 4º ESO contemplase que, de forma optativa, o alumnado poida ver e comentar películas, libros ou novelas da súa escolla (dunha selección proporcionada pola profesora e dispoñibles na biblioteca) que permitan reforzar a aprendizaxe dos contidos e o gusto e curiosidade pola lectura.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Utilizarase todo tipo de material didáctico dispoñible e tendo en conta que tanto a Xeografía como a Historia son disciplinas abertas, que se van construíndo pouco a pouco a partir de descubrimentos sucesivos, traballaremos con noticias de actualidade, cine, novelas de época, páxinas web, material audiovisual imaxes e presentacións, consultas na biblioteca do centro etc.. Tamén buscando un carácter práctico que reforce a motivación e o aprendizaxe traballarase con distintos tipos de textos, mapas e gráficos.

Buscaremos estar pendentes das **cuestións de actualidade**, integrando o noso tempo histórico nos interrogantes que nos suscita o estudo do pasado. Queremos desta maneira contribuír a clarificar os contidos, motivar ao alumnado e facilitar a comprensión da necesidade do estudo da historia e da construción dunha memoria histórica que nos explique e guíe como sociedade.

Procurarase integrar na explicación **recomendacións lectoras**, de novelas, poemas, novelas gráficas, obras de teatro, películas, documentais ou pezas musicas que contribúan a unha mellor comprensión e sobre todo, a cimentar o descubrimento por parte do alumnado dos atractivos das **experiencias culturais**, das diversas vías nas que se artella a aprendizaxe e dos vínculos que existen entre a nosa disciplina e outras do currículo.

Todo este material utilizarase en función do **libro de texto** e do **caderno de clase** que serán os materiais básicos de traballo na aula. Así mesmo, as TICs serán un dos elementos de apoio fundamentais, co **uso diario do portátil e proxector** o todos os recursos que se fan así accesibles (imaxes, vídeos, música, páxinas web, fichas das unidades, proxección das correccións ás tarefas, realización de presentacións e exposicións orais....).

Cada unidade didáctica contará cunha **ficha de traballo** que se lle entregará ao alumnado. Estas fichas, elaboradas pola profesora, establecen diferentes tarefas para cada unidade, que sexan diversas e que sirvan de guía para que o alumnado poida acadar os diferentes estándares de aprendizaxe. Establecen de forma clara os elementos a traballar en cada unidade e permiten que o alumnado poida ter unha visión global das actividades que van realizar.

Xeografía e Historia 1º ESO. *XH 1. Xeografía e Historia* (Aula 3D). Ed. Vicens Vives. ISBN 9788468239477

Xeografía e Historia 2º ESO. *XH 2. Xeografía e Historia* (Aula 3D). Ed. Vicens Vives. ISBN 9788468239118

Xeografía e Historia 3º ESO. *Xeografía e Historia 3ESO* Obradoiro. Ed. Santillana. ISBN 9788499724157

Historia 4º ESO. *Historia 4ESO* Obradoiro. Ed. Santillana. ISBN 9788499727134

Xeografía e Historia 3º ESO Bilingüe. *Geography and History 3*. Ed. Santillana Richmond. ISBN 978-84-680-1978-9

Historia 4º ESO Bilingüe. *History 4ESO. Oxford CLIL*. Ed. Oxford Education. ISBN 978-84-673-7068-3

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º, 2º, 3º e 4º ESO

A valoración cuantitativa do proceso de aprendizaxe dos alumnos emitirase mediante as cualificacións obtidas nos distintos procesos de avaliación. Seguiranse os seguintes criterios:

- **Probas escritas: 80%.** Onde os alumnos responderán a unha serie de preguntas, problemas ou cuestións de forma escrita ou, excepcionalmente, de forma oral. Cualificarase de 0 a 10, conforme o valor que o profesor outorgue a cada pregunta. Realizarase cando menos dúas por trimestre.
 - Terase en conta a corrección nas respostas ás preguntas propostas: madurez argumentativa, expresión escrita, complexidade da resposta, aportación persoal do alumno e emprego dos contidos e instrumentos traballados na aula.
 - A profesora corruxirá a proba e establecerá a nota. **O exame entregarase ao alumnado sen nota algunha** de xeito que sexan os alumnos os que deban fixarse nos seus erros para poder establecer que nota merecen. A nota da profesora terá prioridade sen menoscabo de ser axustada en certos casos en función da puntuación do alumnado.
 - Faranse **exames de recuperación** cada trimestre que deberá ir acompañado da entrega dun caderno de aula completo co traballo realizado nese trimestre. En xuño haberá un exame final.
 - As faltas xustificaranse á titora agás cando non se poida acudir a un exame. Só **se repetirá o exame** se o alumno presenta un documento que indique que a ausencia foi por causa de forza maior (papel médico, xulgado, etc). Un xustificante dos pais non permite repetir o exame.
 - Os exames incluírán **dous temas como mínimo**. Excepcionalmente serán dun tema só.
 - A **data** do exame poderá ser marcada polo conxunto do alumnado sempre e cando non se converta nunha fonte de problemas e discusións. De ser así, a data pasará a ser marcada pola profesora ou ben quedará automaticamente posta para o día seguinte ao final do tema.
 - O **exame de setembro** será de toda a materia impartida. Só se terá en conta a nota do exame.
- **Caderno de aula: 10%.** Todos os alumnos deben ter un **caderno de clase**. Isto quere dicir, que han de ter unha libreta que recolla ordenadamente o traballo feito na aula e como traballo na casa.
 - Recollerase en tódolos exames e corruxírase: a profesora emitirá una valoración do traballo feito (ben, mal, regular) e recomendacións para a súa mellora.
 - Os elementos a valorar son: traballo, ortografía, presentación e caligrafía.
- **Traballo: 10%.** Neste apartado terase en conta:
 - Todo tipo de actuación ou intervención contraria ás normas da clase e ás normas de comportamento do centro.
 - Non ter material necesario para aproveitar a sesión de clase.

- Prestarase unha atención especial ao respecto ao material de aula e aos elementos da aula en si mesma (mobiliario, libros de consulta, paredes, etc)
- Faltas de respecto aos valores básicos de convivencia. Farase fincapé no respecto aos compañeiros e á profesora, así como a corrección nas intervencións na aula. Quedan incluídos aquí, expresións que denigren a calquera grupo racial, cultural ou de orientación sexual ou favorables á violencia de calquera tipo.
- A atención, participación e aproveitamento das actividades, explicacións e tarefas propostas nas horas de clase.
- Correcta realización das tarefas de aula ou para a casa, e os traballos optativos e/ou obrigatorios, que poden ser individuais ou en grupo.
- Nas **presentacións orais** cualificarase a demostración de coñecementos e o grao de eficacia na súa exposición. Así mesmo terase en conta os instrumentos empregados para facilitar a comprensión da información presentada: imaxes, presentacións powerpoint, vídeos ou contidos online.
- **Para a correcta valoración** das probas escritas, traballos e tarefas do alumnado terase en conta:
 - **Traballo:** as actividades propostas son realizadas con aproveitamento e corrección. O grao de desenvolvemento da tarefa proposta, atendendo a criterios tales como madurez expositiva, complexidade da resposta, aportación persoal do alumno e emprego dos contidos e instrumentos traballados na aula.
 - **Ortografía.** 3 faltas de ortografía equivalen á perda de 0,25 puntos con respecto a un total de 10 en cada proba.
 - **Presentación.** Puntuarase positivamente a orde e coidado na presentación.
 - **Caligrafía.** Se non se entende a letra ou a redacción dunha tarefa, non se corruxirá nin valorará a resposta.
 - Os traballos, folios de exame ou cadernos **sen nome**, non poderán ser valorados.
 - Os traballos terán que ser entregados na **data establecida**. De non ser así, poderán non ser recollidos e, polo tanto, non ser considerados de cara a avaliación da materia.
- Na **cualificación final** de trimestre, establécense os seguintes criterios:
 - Unha nota **por debaixo do 5** non será considerada un aprobado.
 - A partir do 5, as cualificacións superiores ao '5 (5,5, 6,5, etc) serán **susceptibles de ser ponderadas** de forma ascendente, cara a seguinte cifra. A este respecto, a realización de tarefas de ampliación ou reforzo, o caderno de aula e o apartado "Traballo" serán elementos a ter en conta.
- **Contémplanse os seguintes tipos de avaliación:**
 - Avaliación por parte do profesorado: en tódolos procedementos e elementos a ter en conta.
 - Coavaliación: pode empregarse no caso das presentacións orais.
 - Heteroavaliación: a final de cada trimestre, mediante un cuestionario.
 - Autoavaliación: ao longo do proceso docente.

Os alumnos e as familias serán informadas ao principio do curso dos presentes criterios

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 3º E 4º ESO BILINGÜE

A valoración cuantitativa do proceso de aprendizaxe dos alumnos emitirase mediante as cualificacións obtidas nos distintos procesos de avaliación. Seguiranse os seguintes criterios:

- **Probas escritas: 70%.** Onde os alumnos responderán a unha serie de preguntas ou cuestións de forma escrita ou, excepcionalmente, de forma oral. Cualificarase de 0 a 10, conforme o valor que o profesor outorgue a cada pregunta. Realizarase cando menos dúas por trimestre.
 - O exame adecuarase aos exercicios previamente traballados na aula, que deben responderse en inglés ou en galego (se así se especifica).
 - Terase en conta a corrección nas respostas ás preguntas propostas: madurez argumentativa, expresión escrita, complexidade da resposta, aportación persoal do alumno e emprego dos contidos e instrumentos traballados na aula.
 - A profesora corruxará a proba e establecerá a nota. **O exame entregárase ao alumnado sen nota algunha** de xeito que sexan os alumnos os que deban fixarse nos seus erros para poder establecer que nota merecen. A nota da profesora terá prioridade sen menoscabo de ser axustada en certos casos en función da puntuación do alumnado.
 - Faranse **exames de recuperación** cada trimestre que deberá ir acompañado da entrega dun caderno de aula completo co traballo realizado nese trimestre. En xuño haberá un exame final.
 - As faltas xustificaranse á titora agás cando non se poida acudir a un exame. Só **se repetirá o exame** se o alumno presenta un documento que indique que a ausencia foi por causa de forza maior (papel médico, xulgado, etc). Un xustificante dos pais non permite repetir o exame.
 - Os exames incluírán **dous temas como mínimo**. Excepcionalmente serán dun tema só.
 - A **data** do exame poderá ser marcada polo conxunto do alumnado sempre e cando non se converta nunha fonte de problemas e discusións. De ser así, a data pasará a ser marcada pola profesora ou ben quedará automaticamente posta para o día seguinte ao final do tema.
 - **O exame de setembro** será de toda a materia impartida. Só se terá en conta a nota do exame.
- **Caderno de aula: 10%.** Todos os alumnos deben ter un **caderno de clase**. Isto quere dicir, que han de ter unha libreta que recolla ordenadamente o traballo feito na aula e como traballo na casa.
 - Recollerase en tódolos exames e corruxírase: a profesora emitirá una valoración do traballo feito (ben, mal, regular) e recomendacións para a súa mellora.
 - Os elementos a valorar son: traballo, ortografía, presentación e caligrafía.
- **Traballo: 20%.** Neste apartado terase en conta:
 - Todo tipo de actuación ou intervención contraria **ás normas de comportamento do centro**.
 - Non ter **material** necesario para aproveitar a sesión de clase.
 - Prestarase unha atención especial ao respecto ao **material de aula e aos elementos da aula en si mesma** (mobiliario, libros de consulta, paredes, etc)
 - Faltas de respecto aos **valores básicos de convivencia**. Farase fincapé no respecto aos compañeiros e á profesora, así como a corrección nas intervencións na aula. Quedan incluídos aquí, expresións que denigren a calquera grupo racial, cultural ou de orientación sexual ou favorables á violencia de calquera tipo.
 - A atención, participación e aproveitamento das actividades, explicacións e tarefas propostas nas **horas de clase**.
 - Correcta realización das tarefas de aula ou para a casa, e os traballos optativos e/ou obrigatorios, que poden ser individuais ou en grupo.
 - Nas **presentacións orais** cualificarase a demostración de coñecementos e o grao de eficacia na súa exposición. Así mesmo terase en conta os instrumentos empregados para facilitar a comprensión da información presentada: imaxes, presentacións powerpoint, vídeos ou contidos online. Tamén se

puntuará o dominio da lingua inglesa, atendendo aos seguintes criterios: pronunciación, corrección gramatical e grado de complexidade das estruturas lingüísticas empregadas.

- Nas seccións bilingües consideraranse particularmente os seguintes criterios:
 - **Vocabulario.** É importante aprender o vocabulario básico de cada tema. O alumnado terá que empregar dicionarios e a colaboración da profesora e do asistente lingüístico. O vocabulario básico será proporcionado pola profesora en cada unidade.
 - **Asistente lingüístico.** As clases co lector se centrarán en actividades interactivas. O alumnado terá que esforzarse por falar en inglés co asistente.
 - O alumnado terá **que tentar falar en inglés** durante as leccións. Facelo así será puntuado positivamente. Non facelo, terá unha puntuación negativa.
- **Para a correcta valoración** das probas escritas, traballos e tarefas do alumnado terase en conta:
 - **Traballo:** as actividades propostas son realizadas con aproveitamento e corrección. O grado de desenvolvemento da tarefa proposta, atendendo a criterios tales como madurez expositiva, complexidade da resposta, aportación persoal do alumno e emprego dos contidos e instrumentos traballados na aula.
 - **Ortografía.** 3 faltas de ortografía equivalen á perda de 0,25 puntos con respecto a un total de 10 en cada proba. Esta norma non se terá en conta para a lingua inglesa.
 - **Presentación.** Puntuarase positivamente a orde e coidado na presentación.
 - **Caligrafía.** Se non se entende a letra ou a redacción dunha tarefa, non se corruxará nin valorará a resposta.
 - Os traballos, folios de exame ou cadernos **sen nome**, non poderán ser valorados.
 - Os traballos serán que ser entregados na **data establecida**. De non ser así, poderán non ser recollidos e, polo tanto, non ser considerados de cara a avaliación da materia.
- Na **calificación final** de trimestre, establécense os seguintes criterios:
 - Unha nota **por debaixo do 5** non será considerada un aprobado.
 - A partir do 5, as cualificacións superiores ao '5 (5,5, 6,5, etc) serán **susceptibles de ser ponderadas** de forma ascendente, cara a seguinte cifra. A este respecto, a realización de tarefas de ampliación ou reforzo, o caderno de aula e o apartado "Traballo" serán elementos a ter en conta.
- Contémpanse os seguintes tipos de avaliación:
 - Avaliación por parte do profesorado: en tódolos procedementos e elementos a ter en conta.
 - Coavaliación: pode empregarse no caso das presentacións orais.
 - Heteroavaliación: a final de cada trimestre, mediante un cuestionario.
 - Autoavaliación: ao longo do proceso docente.

Os alumnos e as familias serán informadas ao principio do curso dos presentes criterios

INDICADORES PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Para a avaliación do proceso de ensino e práctica docente, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Os materiais foron relevantes, suficientes, variados e motivadores.
- A planificación foi axeitada, tanto no relativo a número e dificultade de actividades como no que respecta á súa duración.
- Motivación e nivel de participación do alumando.

- Emprego das TIC.
- Traballo cos elementos transversais e interdisciplinariade.
- Atención á diversidade.

Estes indicadores avaliaranse mediante a reflexión persoal, tendo en conta os resultados académicos do grupo e tamén a través do cuestionario de avaliación que trimestralmente se realiza ao alumnado.

ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Todos os alumnos que obtiveron a súa promoción de curso na avaliación de setembro, pero foron avaliados negativamente en Xeografía e Historia e valores éticos terán que recuperar dita materia no presente curso. O Decreto 86/2015 no seu artigo 23 establece “Quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo”.

O mecanismo proposto polo departamento de Xeografía e Historia para a recuperación destas materias é o seguinte:

- Realización por parte do alumnado de toda unha serie de **actividades de reforzo**. O alumnado poderá consultar as dúbidas e aclaracións que vaian xurdindo co profesorado. O horario establecido para consultar as dúbidas é os mércores no 2º recreo, na biblioteca. Calquera dúbida ou consulta por parte dos pais será atendida no horario de titorías polo profesor xefe de departamento. Estas actividades de reforzo estarán seleccionadas do libro *XH2D. Xeografía e Historia*. Ed. Vicens Vives (ISBN 978-84-682-4007-7)
- Estas actividades deben ser entregadas polo alumnado antes da realización de cada proba escrita. O obxectivo da realización destas actividades e fomentar a progresiva revisión dos contidos pendentes e favorecer a resolución progresiva e individualizada das dificultades que o alumno atopou durante o curso anterior.
- A correcta resolución destas actividades así como unha actitude favorable de cara a estes traballos, teranse en conta de cara a avaliación final da materia cunha cualificación de ata 2,5 sobre 10.
- **Realización de dúas probas escritas**, baseadas nos contidos mínimos da materia e de estrutura semellante á proba de setembro e ás actividades de reforzo propostas. Dado o escaso número de alumnos con materias pendentes, a data destas probas establecerase de acordo con eles, de forma que se poidan respectar, na medida do posible, as súas necesidades e preferencias, mantendo sempre a realización da segunda proba dentro do mes de maio.
- Se ambas partes son resoltas satisfactoriamente, o alumno terá a materia recuperada. De non ser este o caso, deberá presentarse a proba extraordinaria de setembro.

No presente curso escolar dous alumnos de 3º ESO teñen que recuperar a materia de 2º de ESO: Alejandro Ventosa Bello e Alberto Luis Cereijo Iglesias.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Segundo o Decreto 85/2015, no seu artigo 33, “ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completaráse coa información obtida a través da persoa titora”.

Conforme ao establecido pola lei, a avaliación inicial terá os seguintes obxectivos:

- Valorar o nivel de desenvolvemento das competencias básicas.
- Detectar que alumnos teñen dificultades de aprendizaxe e cales son as súas carencias para posteriormente realizar un programa de traballo con estes alumnos.
- Enlazar as aprendizaxes dos alumnos no curso anterior cos que se necesitan ao comezo do novo curso.

Polas características do centro, no que o profesorado impartimos clase aos mesmos alumnos durante practicamente toda a etapa educativa, a avaliación inicial reviste un carácter de menor urxencia que noutros institutos, onde o

profesorado inicia o curso cun grado de descoñecemento total do seu alumnado. Para os casos nos que non exista unha experiencia docente previa, teremos moi en conta tamén as recomendacións e informes do departamento de Orientación así como a posta en común con outros membros do equipo docente.

A avaliación inicial é esencial á hora de establecer medidas de atención á diversidade, tales como adaptacións curriculares significativas, medidas de reforzo ou mesmo tamén o establecemento dun ordenamento de aula máis axeitado para cada alumno. Así mesmo a avaliación inicial é moi importante para establecer medidas de colaboración coas familias dos alumnos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

(RD 86/2015 Artigos 7 e 21)

A nosa intervención educativa cos alumnos e alumnas asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións. Estas adaptacións lévanse a cabo para ofrecer un currículo equilibrado e relevante ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo. Dentro deste colectivo de alumnos, tense en conta tamén o alumnado que posúen un historial escolar e social que produciu “lagoas” que lles impediu a adquisición de novos contidos e, á vez, desmotivación, desinterese e rexeitamento.

- **Adaptacións curriculares non significativas.** Este tipo de adaptacións aplicaríase cando o alumno presenta dificultades de aprendizaxe que non son moi importantes. As adaptacións en metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia de:
 - Os distintos graos de coñecementos previos detectados no alumno
 - A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade entre os alumnos.
 - A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados alumnos.
- **Actividades de aprendizaxe diferenciadas: reforzo e ampliación** No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. As actividades de ampliación proporcionarase ao alumnado especialmente motivado ou cun interese especial na materia ou aspectos da mesma, material que contribúa a estimular a súa curiosidade e construír aprendizaxes autónomas de acordo coas súas inclinacións, capacidades e motivación.

A alumna Cecilia Tarrío Rodríguez (1ºESO) véñenselle aplicando medidas de reforzo educativo dende o inicio de curso, de acordo cos informes e recomendacións da Orientadora do centro. Valorárase a posibilidade de realizarlle unha Adaptación Curricular en función da súa evolución.

- **Adaptacións curriculares significativas.** Consisten basicamente na adaptación do deseño curricular de cada materia e curso coas súas respectivas modificacións en canto os obxectivos, contidos, metodoloxía, competencias, estándares de aprendizaxe avaliábeis, actividades e criterios de avaliación que se podan aplicar en cada caso concreto.

As adaptacións curriculares estarán precedidas dun informe e valoración da competencia curricular do alumnado por parte do Departamento de Orientación do centro. A adaptación curricular delimitarase ás

necesidades educativas especiais de cada alumno/a. Determinarase o tipo de currículo que seguirá o alumnado en cada unha das materias que imparte o Departamento de Xeografía e Historia coas súas respectivas modificacións (obxectivos, contidos, metodoloxía, competencias, estándares de aprendizaxe avaliados, actividades e criterios de avaliación que se podan aplicar en cada caso) así como o seguimento da adaptación curricular para constatar os avances acadados polo alumnado.

Á alumna Lidia Suárez Couceiro (1º ESO) vénselle aplicando unha Adaptación Curricular, de acordo coa súa evolución no curso pasado (repite 1º ESO) e cos informes e recomendacións da Orientadora do centro.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

FOMENTO DA LECTURA. COMPRENSIÓN LECTORA. EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA

- Potenciar o gusto pola lectura, as habilidades de lectoescritura e as capacidades reflexivas inherentes a unha lectura en valores desde a certeza que son a base da aprendizaxe. Entender a lectura como unha fonte de coñecemento, de enriquecemento lingüístico e desenvolvo moral imprescindible na nosa sociedade.
- Sumar e coordinar os esforzos das distintas áreas curriculares e das familias para facer posíbel os citados propósitos.
- Desenvolver estratexias de lectura reflexiva que favorezan as potencialidades do alumnado para realizar unha lectura en valores. Promover a reflexión e o diálogo arredor ás lecturas entre o alumnado como medio para iniciar postas en común das propias motivacións, valores ou opinións.
- Potenciar o coñecemento do inglés e a produción e comprensión oral ou escrita de diversos tipos de texto neste idioma.
- Estimular a elaboración propia de textos a través da lectura comprensiva de modelos, así como o interese por compartir e comentar estas creacións individuais.
- Suscitar a análise e a vivencia estética das manifestacións literarias. Compartir o pracer lector e xuntar recursos didácticos variados, tanto individuais como materiais. Ser un lector entusiasta que desexe comunicar a súa paixón, ademais dun bo coñecedor da literatura xuvenil para orientar na elección persoal de lecturas.
- Fomentar o uso da biblioteca e da aula de informática utilizándoas como espazos privilexiados de aprendizaxe e goce. Seguir colaborando na biblioteca na creación dunha sección de Xeografía e Historia que comprenda materiais de lectura diversos, combinando diversos soportes, grado de complexidade e formatos.
- Impulsar un uso produtivo das TIC que permita localizar e seleccionar datos e informacións de maneira áxil e eficiente, empregando as novas tecnoloxías como instrumentos de motivación, de comunicación e de acceso á lectura. Dispor de coñecementos para utilizar as TIC con intencionalidade educativa.
- Ter claro que o seu labor é axudar a formar “lectores” autónomos e estables, que non achegan só aos libros para cubrir esixencias formativas. Carecer de prexuízos esteticistas sobre o tipo de obras que máis atraian a os seus alumnos e saber espertar a súa curiosidade sen prefixar lecturas de antemán.
- O desenvolvemento Expresión Oral e Escrita, en canto eixe transversal educativo, ten como finalidade o desenvolvemento das destrezas básicas no uso da lingua: escoitar, falar, ler e escribir, de forma integrada.

Estes obxectivos pódense concretar en acción coma:

- Ler en voz alta fragmentos unitarios.
- Participar na evocación de lecturas xuvenís segundo o clásico esquema formulación, nó e desenlace, que se peche con comentarios que lle dean un sentido especial á historia contada.
- Relacionar as citadas lecturas con espazos e momentos vitais. Rememorar emocións que tivemos con certas lecturas. Por exemplo, a contradición entre a ansia de coñecer o final dunha obra que nos está gustando moito e a “tristeza” de ver como se acaba esa historia apaixonante.

COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

Na actualidade a introdución e xeneralización do uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación tanto na redonda social do alumnado como, especificamente, no ámbito escolar fan necesario que os rapaces se familiaricen con esta nova realidade como elemento esencial da súa formación.

O termo TIC engloba, ademais, unha gran diversidade de realidades sociais e educativas ás que o profesorado deberá facerlles fronte desde a aula. Para estruturar adecuadamente o traballo educativo das TIC na ESO enfrontaremos este novo reto educativo a partir destes tres obxectivos:

- Familiarizar ao alumnado coas ferramentas e sistemas informáticos máis habituais: procesadores de texto, sistemas operativos, follas de cálculo...
- Potenciar a familiarización do alumnado coas TIC na súa máis ampla acepción. Para isto, sería conveniente integrar de forma transversal nas diferentes áreas de coñecemento a análise de mensaxes ou contidos ofrecidos a través dos chamados mass-media, principalmente a televisión e a Internet.
- Desenvolver a propia tarefa educativa a través do uso dos novos medios e ferramentas que achegan as TIC.

EMPRENDEMENTO

O desenvolvemento do Emprendemento céntrase no desenvolvemento de cinco dimensións ou capacidades do alumnado:

- Dimensión da interacción social. Somos seres en relación, en comunicación con outros. Ningún proxecto deste tipo ten sentido en solitario, a rede de persoas e contactos con clientes, provedores e outros profesionais é esencial. A cooperación con outros en proxectos de talento compartido multiplica os resultados.
- Dimensión da motivación e a forza interior. A motivación de logro, as emocións proactivas, as crenzas positivas, a realización persoal, o desenvolvemento dos propios talentos e a autonomía persoal son esenciais para saír da zona de confort e enfrontar os retos con ilusión e valentía.
- Dimensión da mellora-innovación. A creatividade é unha ferramenta básica, a capacidade de satisfacer novas necesidades, mellorar procesos e achegar valor. Isto implica apertura e curiosidade, perseverancia, imaxinación e tamén rigor.
- Dimensión simbólico-comunicativa. A capacidade de expresar as ideas en varios formatos comunicativos como debuxos, mapas, narracións, formas de falar tanto verbal como non verbal, é fundamental, porque de nada vale ter boas ideas e proxectos se non sabemos vendelas, se non convencemos a sociedade disto, se non persuadimos.
- Dimensión ético-crítica. Analizar e comprender os límites da ideoloxía do emprendemento, e do Capitalismo como estrutura dominante nos ámbitos económico, social, político e mesmo psicolóxico e as súas consecuencias negativas no tecido social e político, no mundo natural, nas relacións persoais e na propia formación emocional como persoas plenas, autónomas e felices.

EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL

Na educación actual é cada vez máis necesario dispor dun currículo no que valores, saberes, prácticas e comportamentos teñan como finalidade común conseguir que no futuro as alumnas e os alumnos participen plenamente nunha sociedade tolerante, solidaria, responsable e dialogante. A Educación cívica e constitucional contribúe a desenvolver este novo reto educativo propiciando a adquisición de habilidades e virtudes cívicas para exercer a cidadanía democrática, desenvolvendo o coñecemento das nosas institucións e do noso ordenamento xurídico básico e favorecendo a convivencia en sociedade.

Así, este elemento educativo transversal pretende o desenvolvemento das alumnas e os alumnos como persoas dignas e íntegras, o que esixe reforzar a autonomía, a autoestima e o afán de superación, e favorecer o espírito crítico para axudar á construción de proxectos persoais de vida. Tamén se contribúe a mellorar as relacións interpersoais na medida en que a educación cívica e constitucional favorece a utilización sistemática do diálogo. Para isto, propóñense actividades que favorecen a convivencia, a participación, o coñecemento da diversidade e das situacións de discriminación e inxustiza, que deben permitir consolidar as virtudes cívicas necesarias para unha sociedade democrática.

Así mesmo, contribúese a adquirir o coñecemento dos fundamentos e os modos de organización das sociedades democráticas, a valorar positivamente a conquista dos dereitos humanos e a rexeitar os conflitos entre os grupos humanos e as situacións de inxustiza.

A identificación dos deberes cidadáns e a asunción e exercicio de hábitos e virtudes cívicas adecuadas á súa idade na redonda escolar e social, permitirá que os futuros cidadáns se inicien na construción de sociedades máis cohesionadas, libres, prósperas, equitativas e xustas.

A educación cívica e constitucional propón, ademais, o estímulo das virtudes e habilidades sociais, o impulso do traballo en equipo, a participación e o uso sistemático da argumentación, que require o desenvolvemento dun pensamento propio. A síntese das ideas propias e alleas, a presentación razoada do propio criterio e a confrontación ordenada e crítica de coñecemento, información e opinión favorecen tamén as aprendizaxes posteriores.

Desde a Educación cívica e constitucional desenvólvense, así mesmo, iniciativas de planificación, toma de decisións, participación, organización e asunción de responsabilidades. A Educación cívica e constitucional pon en práctica o diálogo e o debate, na participación, na aproximación respectuosa ás diferenzas sociais, culturais e económicas e na valoración crítica destas diferenzas así como das ideas. O currículo atende á construción dun pensamento propio, e á toma de postura sobre problemas e as súas posibles solucións. Con isto, fortalécese a autonomía das alumnas e dos alumnos para analizar, valorar e decidir, desde a confianza en si mesmos e o respecto ás demais persoas.

Favorécese, así mesmo, o coñecemento e o uso de termos e conceptos relacionados coa sociedade e a vida democrática. Ademais, o uso sistemático do debate contribúe especificamente a esta competencia, porque esixe exercitarse na escoita, exposición e argumentación.

OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Ademais dos elementos transversais especificamente traballados nos anteriores:

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- A prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse en todo caso comportamentos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.
- Elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.
- Fomento da alimentación equilibrada e da actividade física moderada como fontes de saúde.

CONCRECIÓN DOS CONTIDOS TRANSVERSAIS PARA CADA CURSO

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
<i>Fomento da lectura. Comprensión lectora. Expresión oral e escrita</i>	<p>Traballarse de forma prioritaria.</p> <p>Especial fincapé en:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura comprensiva, ▪ Realización de esquemas. ▪ Iniciación ao vocabulario específico da materia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de forma prioritaria. ▪ Especial fincapé en: ▪ Lectura comprensiva, ▪ Realización de esquemas. ▪ Comprensión do vocabulario específico da materia. ▪ Iniciación á elaboración de temas e comentarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de forma prioritaria. ▪ Especial fincapé en: ▪ Lectura comprensiva, ▪ Dominio do vocabulario específico da materia. ▪ Elaboración de temas e comentarios. ▪ Realización de presentacións orais. ▪ Debates: saber argumentar e saber escoitar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de forma prioritaria. ▪ Especial fincapé en: ▪ Lectura comprensiva, ▪ Diferentes métodos de síntese escrita. ▪ Dominio do vocabulario específico da materia. ▪ Elaboración de temas e comentarios de forma autónoma. ▪ Madurez expositiva en expresión oral. Ferramentas de apoio. ▪ Debates: saber argumentar e saber escoitar.
<i>Comunicación audiovisual. Tecnoloxías da información e da comunicación</i>	<p>Traballarse de forma prioritaria.</p> <p>Especial fincapé en:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprensión de información en soporte audiovisual. ▪ Familiarizarse cos principais programas de tratamento da información. 	<p>Traballarse de forma prioritaria.</p> <p>Especial fincapé en:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Os filmes como fonte de coñecemento da Xeografía, a Historia e a Arte. ▪ Comprensión de información en soporte audiovisual. ▪ Familiarizarse cos principais programas de tratamento da información. ▪ Uso do correo electrónico con corrección. ▪ Ferramentas de almacenaxe en nube e as súas posibilidades para o traballo cooperativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de forma prioritaria. ▪ Especial fincapé en: ▪ Comprensión de información en soporte audiovisual. ▪ Familiarizarse cos principais programas de tratamento da información. ▪ Uso do correo electrónico con corrección. ▪ Ferramentas de almacenaxe en nube e as súas posibilidades para o traballo cooperativo. ▪ Elaboración de presentacións en PowerPoint ou similares. ▪ Os filmes como fonte de coñecemento da Xeografía, a Historia e a Arte. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de forma prioritaria. ▪ Especial fincapé en: ▪ Comprensión de información en soporte audiovisual. ▪ Familiarizarse cos principais programas de tratamento da información. ▪ Uso do correo electrónico con corrección. ▪ Ferramentas de almacenaxe en nube e as súas posibilidades para o traballo cooperativo. ▪ Elaboración de presentacións en PowerPoint ou similares. ▪ Os filmes como fonte de coñecemento da Xeografía, a Historia e a Arte.

<i>Emprendemento</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Especial fincapé en: ▪ A innovación, cooperación e a curiosidade como motores do progreso. ▪ A diversidade como fonte de riqueza e coñecemento. Atreverse co distinto e co outro. ▪ A imposibilidade dun verdadeiro progreso sen conciencia social e ética. ▪ A crítica ao Capitalismo e aos seus abusos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Especial fincapé en: ▪ A innovación, cooperación e a curiosidade como motores do progreso. ▪ A diversidade como fonte de riqueza e coñecemento. Atreverse co distinto e co outro. ▪ A imposibilidade dun verdadeiro progreso sen conciencia social e ética. ▪ A crítica ao Capitalismo e aos seus abusos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Especial fincapé en: ▪ A innovación, cooperación e a curiosidade como motores do progreso. ▪ A diversidade como fonte de riqueza e coñecemento. Atreverse co distinto e co outro. ▪ A imposibilidade dun verdadeiro progreso sen conciencia social e ética. ▪ A crítica ao Capitalismo e aos seus abusos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Especial fincapé en: ▪ A innovación, cooperación e a curiosidade como motores do progreso. ▪ A imposibilidade dun verdadeiro progreso sen conciencia social e ética. ▪ A diversidade como fonte de riqueza e coñecemento. Atreverse co distinto e co outro. ▪ A crítica ao Capitalismo e aos seus abusos.
<i>Educación cívica e constitucional</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en: ▪ Iniciarase en expresar a súa opinión con corrección e respecto. ▪ Traballar de forma cooperativa en forma de pequenos traballos ou presentacións. ▪ Control das tarefas diarias como expresión da propia autonomía e responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en: ▪ Expresar a súa opinión con respecto e de forma crítica. ▪ Traballar de forma cooperativa en forma de pequenos traballos ou presentacións. ▪ Control das tarefas diarias como expresión da propia autonomía e responsabilidade. ▪ Comprender a diversidade das sociedades actuais como algo positivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en: ▪ Expresar a súa opinión con respecto e de forma crítica. ▪ Traballar de forma cooperativa en forma de pequenos traballos ou presentacións. ▪ Control das tarefas diarias como expresión da propia autonomía e responsabilidade. ▪ Comprender a diversidade das sociedades actuais como algo positivo. ▪ Comprender a orixe histórica das sociedades democráticas actuais. ▪ Valorar os principios de igualdade, liberdade e solidariedade como eixos básicos da vida democrática. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en: ▪ Expresar a súa opinión con respecto e de forma crítica. ▪ Traballar de forma cooperativa en forma de pequenos traballos ou presentacións. ▪ Control das tarefas diarias como expresión da propia autonomía e responsabilidade. ▪ Comprender a diversidade das sociedades actuais como algo positivo. ▪ Comprender a orixe histórica das sociedades democráticas actuais. ▪ Valorar os principios de igualdade, liberdade e solidariedade como eixos básicos da vida democrática. ▪ Entender a complexidade das sociedades actuais establecendo relacións entre os seus trazos e o desenvolvemento histórico dos últimos séculos.

<i>igualdade efectiva entre homes e mulleres</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en: ▪ Comprender o rol das mulleres na evolución histórica das primeiras civilizacións. ▪ Poñer en valor as tarefas e funcións tradicionalmente asociadas co feminino. ▪ Evitar discriminacións por xénero ou micromachismos na dinámica da aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en: ▪ Comprender o rol das mulleres na evolución histórica das primeiras civilizacións. ▪ Poñer en valor as tarefas e funcións tradicionalmente asociadas co feminino. ▪ Evitar discriminacións por xénero ou micromachismos na dinámica da aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en: ▪ Comprender o rol das mulleres na evolución histórica das primeiras civilizacións. ▪ Poñer en valor as tarefas e funcións tradicionalmente asociadas co feminino. ▪ Evitar discriminacións por xénero ou micromachismos na dinámica da aula. ▪ Exploración de conceptos como “teito de cristal” así como os múltiples condicionantes de xénero que teñen lugar na sociedade actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en: ▪ Comprender o rol das mulleres na evolución histórica das primeiras civilizacións. ▪ Poñer en valor as tarefas e funcións tradicionalmente asociadas co feminino. ▪ Evitar discriminacións por xénero ou micromachismos na dinámica da aula. ▪ Aprender os conceptos básicos do feminismo contemporáneo así como a súa loita por crear sociedades máis igualitarias e libres.
<i>Prevenición de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.</i>	<p>Traballarse de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Apreciar a diversidade cultural, ética, etc como algo positivo. ▪ Entender as aportacións dos distintos grupos étnicos á evolución da humanidade. ▪ Comprender que a guerra é un fenómeno esencialmente destrutivo e cruel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en: ▪ Apreciar a diversidade cultural, ética, etc como algo positivo. ▪ Entender as aportacións dos distintos grupos étnicos á evolución da humanidade. ▪ Comprender que a guerra é un fenómeno esencialmente destrutivo e cruel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en: ▪ Apreciar a diversidade cultural, ética, etc como algo positivo. ▪ Entender as aportacións dos distintos grupos étnicos á evolución da humanidade. ▪ Comprender que a guerra é un fenómeno esencialmente destrutivo e cruel. Analizar os intereses que levan aos conflitos armados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarse de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en: ▪ Apreciar a diversidade cultural, ética, etc como algo positivo. ▪ Entender as aportacións dos distintos grupos étnicos á evolución da humanidade. ▪ Comprender que a guerra é un fenómeno esencialmente destrutivo e cruel. ▪ Analizar as consecuencias do imperialismo colonial nas desigualdades actuais e nos estereotipos étnicos e raciais. ▪ O Holocausto como fenómeno icónico dos problemas da evolución das sociedades contemporáneas europeas. ▪ A loita polos dereitos das minorías e os grupos étnicos e raciais non brancos.

<p><i>Desenvolvimento sustentável e defesa do ambiente natural.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarase de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en: ▪ Comprender que o medio natural como o soporte básico e esencial da vida humana. ▪ Entender os riscos para o ambiente que produce o actual modelo económico. ▪ Asumir como valor propio a defensa do medio ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarase de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en: ▪ Comprender que o medio natural como o soporte básico e esencial da vida humana. ▪ Entender os riscos para o ambiente que produce o actual modelo económico. ▪ Asumir como valor propio a defensa do medio ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarase de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en: ▪ Comprender que o medio natural como o soporte básico e esencial da vida humana. ▪ Entender os riscos para o ambiente que produce o actual modelo económico. ▪ Asumir como valor propio a defensa do medio ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballarase de maneira prioritaria, facendo especial fincapé en: ▪ Comprender que o medio natural como o soporte básico e esencial da vida humana. ▪ Entender os riscos para o ambiente que produce o actual modelo económico. ▪ Asumir como valor propio a defensa do medio ambiente.
---	--	--	--	--

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

Co alumnado da materia prepararase a realización de diversas actividades complementarias e extraescolares, estando programada nun principio as seguintes:

- Visitas organizadas polo Proxecto Terra a algunha cidade galega.
- Visita á cidade de Santiago de Compostela, que incluírá a visita á catedral, tanto ao seu interior coma ás cubertas e á cripta.
- Asistencia a unha proxección no cinema Numax (Cinema na Escola).
- Visita á Fundación Abanca, para realizar obradoiros didácticos e ver a exposición temporal.
- Visita ao Museo do Pobo Galego e á Cidade da Cultura, tanto para ver a súa arquitectura e exposición permanente como para participar dalgunha actividade ou mostra temporal.
- Visita á Coruña: Fundación Barrié, Fundación Abanca, Fundación Luis Seoane, Museo de Belas Artes.
- Visita a Lugo en combinación con algún xacemento arqueolóxico para explorar a pegada romana en Galicia.
- Visita a algunha empresa de carácter ecolóxico ou de consumo responsable (Xanceda).
- Viaxe didáctica a Londres cos grupos de 3º e 4º ESO Bilingüe.
- Parque arqueolóxico da Arte Rupestre. Campo Lameiro
- Parque arqueolóxico da cultura castrexa. Ourense
- Centro arqueolóxico do dolmen de Dombate.
- Visita a algún polígono industrial da zona.
- Participación naquelas actividades que sexan de interese e que vaian sendo ofertadas ao longo do curso polas distintas institucións de carácter cultural pedagóxico, etc

En todo caso, estas actividades poderán ser anuladas ou modificadas por outras no caso de non poder realizalas, polos motivos que sexa, segundo as circunstancias nas que se desenvolva o curso.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A este respecto contéplase:

- A partir da avaliación inicial adóptanse as medidas correctoras que avaliación aconselle co alumnado que presente problemas de aprendizaxe, sempre e cando estas no estiveran establecidas no curso anterior. Entre estas medidas estarían: adaptacións metodolóxicas, de ritmo de aprendizaxe, actividades de aprendizaxe diferenciadas: reforzo ou ampliación e adaptacións curriculares significativas que contaría co asesoramento do departamento de Orientación do centro.
- A reorientación continua derivada da aplicación na aula de la programación didáctica. A docente, en coordinación con el equipo didáctico, e dentro dos órganos de coordinación docente, analizará a adecuación da programación didáctica ao contexto específico do grupo. A partir desta análise se establecerán as medidas de mellora que se consideren oportunas. As opinións do alumnado a través das súas auto avaliacións ou as postas en común son tamén unha referencia importante para unha valoración máis participativa e compartida do proceso do ensino e aprendizaxe.
- Por último, trala aplicación total da programación, cando se teña unha mellor perspectiva se completará cos resultados das avaliacións interna e externa do alumnado.

Os mecanismos de auto avaliación por parte do profesorado son os seguintes:

- Auto avaliación a la finalización del trimestre: as profesoras do departamento farán unha revisión da na que analizarán os resultados de cada grupo.
- Estatística de resultados: porcentaxes de alumnado absentista, obxector, aprobado y suspenso, tamén en relación con trimestre/curso anterior.

- Grado de cumprimento de la programación: indicar si se conseguiron os obxectivos e temporalización previstas. Reflexión, se procede, sobre as razóns dos incumprimentos.
- Propostas de mellora: indicar las propostas en relación a obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación ou temporalización.

Á hora de revisar a programación didáctica e o proceso de ensino-aprendizaxe procuraremos dar resposta ás seguintes cuestións:

- Que porcentaxe de alumnado alcanzou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que recursos e actividades deron mellor resultado?
- Que outras cousas sería posible realizar en función dos intereses do alumnado?
- Que cambiaríamos no desenvolvemento da materia para o próximo curso? Por que?

Ao final de cada trimestre, a profesora repartirá o seguinte cuestionario ao alumnado de cada curso, que responderá de forma voluntaria e anónima:

- Concreta os recursos, elementos, etc que che favoreceron a aprendizaxe?
- Concreta os recursos, elementos, dinámicas, etc, que che supuxeron unha dificultade para a aprendizaxe?
- Que mellorarías ou cambiarías da dinámica de aula?
- Esta información é empregada para axustar, cambiar ou reforzar estratexias de acordo coas respostas e a posterior reflexión da profesora.

CONTRIBUCIÓN AOS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO

O departamento de Xeografía e Historia contribúe en distintos plans do centro como o Plan de Dinamización de Linguas e Innovación Educativa en colaboración co departamento de inglés, existindo dúas seccións bilingües en 3º e 4º de ESO nas que se imparte a materia de Xeografía e Historia en lingua inglesa.

Os membros do departamento colaboran no plan de Normalización Lingüística do centro levando a cabo tarefas en prol da Lingua Galega, mediante certames vinculados á celebración das Letras Galegas e organización de actividades en relación coa defensa e promoción da lingua.

Dende hai catro cursos, tamén se participa en programas de innovación educativa como o Plan Proxecta que é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a Educación en Valores.

Por último, mencionar a participación no Proxecto Terra, centrando as súas actividades en saídas extraescolares nas que se utilizan os materias propios do proxecto para complementar a formación da área de Xeografía e Historia.

PROGRAMACIÓN VALORES ÉTICOS 4º ESO

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CHAVE

No plano didáctico, a materia de Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da **competencia comunicación lingüística**, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a **competencia de aprender a aprender** como a de **sentido da iniciativa e espírito emprendedor**, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a **competencia matemática** e as **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a **competencia dixital**, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- o)** Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- p)** Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- q)** Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- r)** Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- s)** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- t)** Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- u)** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- v)** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- w)** Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- x)** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- y)** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa

diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

z) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

aa) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

bb) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA MATERIA DE VALORES ÉTICOS 4º ESO

OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE VALORES ÉTICOS

- Valorar a dignidade humana para entender o que significa ser persoa e poder valorarse a si mesmo e aos que o rodean.
- Descubrir a importancia dos valores éticos na formación da personalidade e a autoestima.
- Comprender o concepto de virtude en Aristóteles para establecer relacións entre os actos, os hábitos e o carácter no desenvolvemento da personalidade.
- Coñecer o concepto e as causas da crise de identidade que xorde na adolescencia.
- Tomar conciencia da importancia que ten o desenvolvemento da autonomía e o control persoais no crecemento persoal e nas crises de identidade adolescentes, para poder identificar as súas causas e detectar as influencias que exercen os grupos sociais na personalidade.
- Identificar os trazos máis característicos dos grupos de adolescentes reflexionando sobre a influencia que exercen sobre o individuo.
- Recoñecer a diferenza entre autonomía e heteronomía desde a concepción kantiana.
- Tomar conciencia da importancia que teñen o desenvolvemento da autonomía e o control da conduta no crecemento moral da persoa cara á vida adulta.
- Identificar as aptitudes que posúe o ser humano para construír un autoconceito positivo e potenciar a súa autoestima.
- Reflexionar sobre as propias emocións para recoñecelas en situacións cotiás e poder mellorar as habilidades emocionais.
- Comprender o concepto de intelixencia emocional e valorar a súa importancia na personalidade e no carácter moral do ser humano para mellorar as súas habilidades emocionais.
- Recoñecer a relación do ser humano co contorno e os axentes sociais que o conforman, entendendo a súa influencia no desenvolvemento moral da persoa e valorando a vida en sociedade desde valores éticos recoñecidos.
- Desenvolver certas habilidades sociais e técnicas de comunicación para dominar formas e xestos habituais que favorezan tanto as relacións interpersoais como o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas.
- Entender a influencia das virtudes e dos valores éticos no establecemento respectuoso e comprensivo de relacións interpersoais, así como no exercicio da liberdade individual e social.
- Sinalar os límites entre a liberdade persoal e a social, marcados pola ética e os dereitos humanos.
- Valorar a importancia das habilidades emocionais, sociais e asertivas, co fin de moldear a personalidade a través de valores e virtudes éticos que favorezan as relacións interpersoais positivas e respectuosas, asegurando así unha vida en sociedade máis xusta e enriquecedora.

- Recoñecer a vida privada e pública das persoas para trazar os límites da liberdade individual e social.
- Apreciar o efecto que producen os valores na conduta individual e social, identificar os problemas derivados da súa ausencia e promovelos en beneficio das persoas e da sociedade.
- Describir as semellanzas e as diferenzas que existen entre a moral e a ética, valorando a importancia desta última para actuar de forma racional.
- Identificar a liberdade como base que sostén a moral da persoa e a intelixencia, a vontade e as normas éticas como medios que rexen a súa conduta.
- Explicar a función dos valores éticos na vida persoal e social do ser humano, destacando a importancia de ser respectados.
- Coñecer como se creou a ONU e o momento histórico que impulsou a elaboración da DUDH, destacando o seu valor como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos Estados.
- Entender e valorar o contido da DUDH, facendo especial fincapé no respecto á dignidade humana como base de todos os dereitos humanos.
- Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución .

CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE. VALORES ÉTICOS 4º ESO

O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: "A dignidade da persoa", "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais", "A reflexión ética", "A xustiza e a política", "Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía". As diferenzas entre bloques e o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado. No cuarto curso da etapa retómanse xa, pero desde un nivel de afondamento superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos, tendo como horizonte que o alumnado, ao final da etapa, estea xa capacitado para levar a cabo o proxecto máis importantes de aqueles nos que se embarcarán: o dunha vida persoal e social digna e satisfactoria.

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A dignidade da persoa				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH. ▪ B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade. ▪ B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais				

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresaíntes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Fenómeno da socialización global. ▪ B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais. ▪ B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC
Bloque 3. A reflexión ética				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH. ▪ B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.	enfrenta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.	representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle imponen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Éticas formais e éticas materiais. ▪ B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais. ▪ VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal. ▪ VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de Kant. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant. ▪ VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			fundamentadas.	
Bloque 4. A xustiza e a política				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Democracia e xustiza. ▪ B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos. ▪ B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuir na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	<p>xustificación ética.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais. 	<p>dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle imponen as leis xurídicas.</p>	<p>súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón). ▪ VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciáveis. ▪ B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social. ▪ B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e reconece os retos que aínda teñen que superar. ▪ VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.). ▪ VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgúns institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSC

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Dereito á seguridade e a paz. ▪ B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da violencia. ▪ B5.9. Ameazas á paz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito reconecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional reconecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española. ▪ B5.11. Misións das Forzas Armadas. ▪ B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.				
<ul style="list-style-type: none"> a b e f h m 	<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade. 	<ul style="list-style-type: none"> VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a d f g h 	<ul style="list-style-type: none"> B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais. 	<ul style="list-style-type: none"> VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC CSIEE

Temporalización. Valores Éticos 4º ESO

CONTIDOS	
1º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar. Perigos dunha globalización sen valores éticos. Fenómeno da socialización global. Reflexión sobre os seus retos e perigos.
2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía. A crítica do patriarcado e o feminismo como camiño cara a liberdade, autonomía e propia valoración da persoa. Democracia e xustiza. Deberes cívicos.
3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais. Conflito entre liberdade de expresión e outros dereitos. Os DDHH como ideais irrenunciáveis. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social. Dereito á seguridade e a paz.

Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe. Valores Éticos 4º ESO

- Valorar a dignidade como algo atribuíble a todo ser humano. Recoñecer o valor da persoa e a súa dignidade.
- Identificar a persoa como ser social, racional e libre. Adoptar un compromiso de defensa dos dereitos da persoa. Tomar conciencia do valor moral da persoa. Recoñecer o proceso de socialización e a súa finalidade. Distinguir entre autonomía e heteronomía e valorar a necesidade de conseguir a primeira. Identificar os problemas da adolescencia e aprender a resolvelos.
- Coñecer as etapas do desenvolvemento moral da persoa. Aprender a manexar a intelixencia emocional. Entender que se entende por adolescencia. Identificar os cambios que se producen no adolescente. Relacionar a identificación co noso grupo de amigos coa autoafirmación. Identificar as manifestacións de impulsividade propias da idade.
- Razoar a importancia do autocontrol como forma de liberdade e relación enriquecedora cos demais. Valorar as emocións como un aspecto fundamental da vida persoal.
- Coñecer as funcións das emocións e a súa vinculación coa razón. Definir a tolerancia á frustración e a súa importancia na maduración emocional. Entender a vinculación do control das emocións e a vida moral. Recoñecemos como individuos, coas nosas características propias e diferenciadas.
- Coñecer que significa «a socialización» e enumerar as súas etapas. Definir «individualismo» e «gregarismo». Describir «actuar con personalidade». Aclarar que se entende por amizade. Valorar a importancia dos verdadeiros amigos e amigas na vida. Practicar o debate, serio e sereno, entre compañeiros e compañeiras sobre os temas que nos interesan.
- Recoñecer o valor da familia e responder ao interese dos nosos pais con gratitude e colaboración. Valorar o papel dos amigos e as amigas desde unha perspectiva crítica. Definir o papel da sexualidade nas nosas relacións.
- Entender a importancia de aprender a convivir e participar na escola, para despois facelo na vida. Aclarar o que se entende por *bullying* e a gravidade, moral e penal, da devandita forma de acoso.
- Coñecer os mecanismos básicos dunha conduta asertiva ante os posibles conflitos, sexa entre amigos e amigas ou compañeiros e compañeiras. Practicar o debate, serio e sereno, entre compañeiros e compañeiras sobre os temas que nos interesan. Traballar de forma colaboradora con outros compañeiros e compañeiras en grupo.
- Entender a relación entre natureza, cultura e moral. Coñecer algunha idea filosófica acerca desa relación. Valorar o proceso educativo desde o punto de vista da súa función social e moral.
- Elaborar unha visión persoal do proceso de socialización e o papel que representan tanto a sociedade coma o suxeito. Adquirir conciencia do sentido da maduración moral.
- Recoñecer algunhas peculiaridades da adolescencia. Entender e evitar certos riscos que corren os adolescentes debido ao seu proceso madurativo.
- Entender a relación entre público e privado. Coñecer algunha idea filosófica acerca desa relación. Valorar as achegas históricas na construción dun dereito e unha legalidade que contribúa a beneficiar os diferentes pobos. Elaborar unha visión persoal dos posibles conflitos e das vantaxes dunha relación harmónica entre o público e o privado, o legal e o xusto.
- Adquirir conciencia dos beneficios do cumprimento das leis. Entender que a obediencia tampouco debe ser cega e valorar que hai circunstancias nas que a rebeldía está xustificada. Recoñecer o uso e o significado do moral. Relacionar o moral coa acción con persoas.
- Definir a natureza moral do ser humano e valorar a aprendizaxe moral ao longo da vida. Saber as características do moral. Definir ética e coñecer as súas orixes. Valorar a importancia da ética na vida do ser humano. Diferenciar o mundo natural e o mundo dos valores. Recoñecer que vivimos nun mundo de valores.
- Coñecer as características principais dos valores. Saber cales son as características distintivas dos valores éticos. Entender o sentido da obriga moral como un aspecto distintivo dos valores éticos. •Apreciar os valores éticos como fundamento da convivencia social. Comprender a necesidade de que se aprendan e ensinen os valores na sociedade e na escola.

- Fundamentar a dignidade humana no respecto aos dereitos humanos. Identificar as características básicas dos dereitos humanos. Coñecer a orixe, estrutura e desenvolvemento histórico da DUDH. •Rexeitar actitudes contrarias aos dereitos humanos como a violencia e discriminación contra a muller e a infancia, o Holocausto, etc.
- Coñecer e valorar o papel das ONG en favor da dignidade de todo ser humano. Comprender o sentido dos textos escritos. Expresarse de xeito correcto tanto na expresión oral coma na escrita. Recoñece e emprega o vocabulario axeitado Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda. Incrementa a súa capacidade de análise crítica. Gozar coa lectura.
- Manexar novas tecnoloxías na súa aprendizaxe. É capaz de realizar as actividades dixitais. Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.. Planificar os seus recursos para sacar maior rendemento. Optimiza recursos persoais.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, independente... Incrementa a súa capacidade de realizar tarefas sen axuda. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade. Concibe unha escala de valores propia e actúa conforme a ela.
- Recoñecer a importancia das emocións. Esfórzase e persevera en mellorar e móstrase comprensivo cara aos demais. Desenvolve e promove relacións positivas coas persoas da nosa contorna.
- Comprende as implicacións negativas do patriarcado e do machismo para a sociedade e o desenvolvemento persoal. Valora as aportacións do feminismo como forma de pensamento e práctica vital que favorece a liberdade e autonomía das persoas.

Procedementos e instrumentos de avaliación. Valores Éticos 4º ESO

- Observación directa do traballo diario avaliará o interese e a actitude participativa do alumnado na aula.
- Seguimento e valoración das tarefas propostas por unidade didáctica e por avaliación: imaxes, gráficos, documentos audiovisuais, lectura e interpretación de textos, respostas a preguntas curtas e elaboración de pequenas redaccións, exposición oral das propias ideas e opinións con corrección e madurez expositiva, pequenos debates entre o alumnado, presentacións dixitais de pequenos traballos).
- Tarefas complementarias, de reforzo ou ampliación.
- Desenvolvemento e posta en práctica de valores e actitudes de respecto, espírito crítico, empatía cara os demais, responsabilidade e autonomía, creatividade, curiosidade e cooperación.
- Non se contempla a realización de probas escritas agás pola imposibilidade de levar a cabo o traballo de aula mediante reflexións e tarefas individuais e/ou por grupos.
- Entrega de traballos de recuperación de avaliación ou ben en setembro nos casos en que se considere necesario

Estes procedementos concretaranse e adaptaranse en función dos ritmos de aprendizaxe e motivacións de cada grupo e cada alumno.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

Esta materia, pola súa propia natureza e tamén por ter tan só unha sesión á semana, brinda a oportunidade de pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Utilizarase todo tipo de material didáctico dispoñible e tendo en conta que a materia de Valores Éticos ten un carácter aberto é fluído e debe responder ás necesidades, intereses e coñecementos previos do alumnado. Traballaremos con noticias de prensa, fragmentos de filmes, novelas de época, páxinas web, material audiovisual imaxes e presentacións, consultas na biblioteca do centro etc.. Pretendemos darlle un carácter práctico que reforce a motivación e a aprendizaxe.

Buscaremos estar pendentes das **cuestións de actualidade**, buscando que o alumnado comprenda a relevancia da reflexión ética e fomentando a motivación do alumnado mediante unha aprendizaxe significativa, activa e dinámica.

Procurarase integrar na explicación **recomendacións lectoras**, de novelas, poemas, novelas gráficas, obras de teatro, películas, documentais ou pezas musicas que contribúan a unha mellor comprensión e sobre todo, a cimentar o descubrimento por parte do alumnado dos atractivos das **experiencias culturais**, das diversas vías nas que se artella a aprendizaxe e dos vínculos que existen entre a nosa disciplina e outras do currículo.

Así mesmo, as TICs serán un dos elementos de apoio fundamentais, co **uso diario do portátil e proxector** o todos os recursos que se fan así accesibles (imaxes, vídeos, música, páxinas web, fichas de traballo, proxección, realización de presentacións e exposicións orais....).

Esta materia carece de libro de texto obrigatorio. De xeito puntual poderanse empregar libros procedentes do fondo de libros e de cursos anteriores para realizar actividades concretas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A valoración cuantitativa do proceso de aprendizaxe dos alumnos emitirase mediante as cualificacións obtidas nos distintos procesos de avaliación. Seguiranse os seguintes criterios:

- Realización dos traballos e actividades propostas: 80%. Neste apartado terase en conta:
 - Realización do traballos individualmente ou colectivamente.
 - Lectura, análise e comentario de textos.
 - Análise e valoración, tanto oral coma escrita, de materiais audiovisuais.
 - Probas escritas.
 - Presentacións orais.
 - Caderno de aula.
- Participación activa no desenvolvemento das clases, respecto cara o resto de compañeiros e cara o profesorado: 20%. Neste apartado terase en conta:
 - Todo tipo de actuación ou intervención contraria ás normas da clase e ás normas de comportamento do centro.
 - Non ter material necesario para aproveitar a sesión de clase.
 - Prestarase unha atención especial ao respecto ao material de aula e aos elementos da aula en si mesma (mobiliario, libros de consulta, paredes, etc)
 - Faltas de respecto aos valores básicos de convivencia. Quedan incluídos aquí, expresións que denigren a calquera grupo racial, cultural ou de orientación sexual ou favorables á violencia de calquera tipo.
- Para a correcta valoración das tarefas do alumnado terase en conta:
 - **Traballo:** as actividades propostas son realizadas con aproveitamento e corrección. O grado de desenvolvemento da tarefa proposta, atendendo a criterios tales como madurez expositiva, complexidade da resposta, aportación persoal do alumno e emprego dos contidos e instrumentos traballados na aula.
 - **Ortografía.** 3 faltas de ortografía equivalen á perda de 0,25 puntos con respecto a un total de 10 en cada proba.
 - **Presentación.** Puntuarase positivamente a orde e coidado na presentación.
 - **Caligrafía.** Se non se entende a letra ou a redacción dunha tarefa, non se corruxirá nin valorará a resposta.
 - Os traballos, folios de exame ou cadernos **sen nome**, non se valoran.
 - Nas **presentacións orais** cualificarase a demostración de coñecementos e o grao de eficacia na súa exposición. Así mesmo terase en conta os instrumentos empregados para facilitar a comprensión da información presentada: imaxes, presentacións powerpoint, vídeos ou contidos online.

- Os traballos terán que ser entregados na **data establecida**. De non ser así, poderán non ser recollidos e, polo tanto, non ser considerados de cara a avaliación da materia.
- Con respecto ás probas escritas:
 - Faranse **exames de recuperación** cada trimestre que deberá ir acompañado da entrega dun caderno de aula completo co traballo realizado nese trimestre. En xuño haberá un exame final.
 - As faltas xustificaranse á titora agás cando non se poida acudir a un exame. **Só se repetirá o exame se o alumno presenta un documento que indique que a ausencia foi por causa de forza maior** (papel médico, xulgado, etc). Un xustificante dos pais non permite repetir o exame.
- Na **cualificación final** de trimestre, establécense os seguintes criterios:
 - Unha nota **por debaixo do 5** non será considerada un aprobado.
 - A partir do 5, as cualificacións superiores ao '5 (5,5, 6,5, etc) serán **susceptibles de ser ponderadas** de forma ascendente, cara a seguinte cifra. A este respecto, a realización de tarefas de ampliación ou reforzo, o caderno de aula e o apartado "Traballo" serán elementos a ter en conta.
- Contémplanse os seguintes tipos de avaliación:
 - Avaliación por parte do profesorado: en tódolos procedementos e elementos a ter en conta.
 - Coavaliación: pode empregarse no caso das presentacións orais.
 - Heteroavaliación: a final de cada trimestre, mediante un cuestionario.
 - Autoavaliación: ao longo do proceso docente.

Os alumnos e as familias serán informadas ao principio do curso dos presentes criterios

INDICADORES PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Para a avaliación do proceso de ensino e práctica docente, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Os materiais foron relevantes, suficientes, variados e motivadores.
- A planificación foi axeitada, tanto no relativo a número e dificultade de actividades como no tocante á súa duración.
- Motivación e nivel de participación do alumando.
- Emprego das TIC.
- Traballo cos elementos transversais e interdisciplinariaidade.
- Atención á diversidade.

Estes indicadores avalíaranse mediante a reflexión persoal, tendo en conta os resultados académicos do grupo e tamén a través do cuestionario de avaliación que trimestralmente se realiza ao alumnado.

ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Non hai alumnado coa materia pendente.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Segundo o Decreto 85/2015, no seu artigo 33, "ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completaráse coa información obtida a través da persoa titora".

Conforme ao establecido pola lei, a avaliación inicial terá os seguintes obxectivos:

- Valorar o nivel de desenvolvemento das competencias básicas.
- Detectar que alumnos teñen dificultades de aprendizaxe e cales son as súas carencias para posteriormente realizar un programa de traballo con estes alumnos.
- Enlazar as aprendizaxes dos alumnos no curso anterior cos que se necesitan ao comezo do novo curso.

Polas características do centro, no que o profesorado impartimos clase aos mesmos alumnos durante practicamente toda a etapa educativa, a avaliación inicial reviste un carácter de menor urxencia que noutros institutos, onde o profesorado inicia o curso cun grado de descoñecemento total do seu alumnado. Para os casos nos que non exista unha experiencia docente previa, teremos moi en conta tamén as recomendacións e informes do departamento de Orientación así como a posta en común con outros membros do equipo docente.

A avaliación inicial é esencial á hora de establecer medidas de atención á diversidade, tales como adaptacións curriculares significativas, medidas de reforzo ou mesmo tamén o establecemento dun ordenamento de aula máis axeitado para cada alumno. Así mesmo a avaliación inicial é moi importante para establecer medidas de colaboración coas familias dos alumnos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

(RD 86/2015 Artigos 7 e 21)

A nosa intervención educativa cos alumnos e alumnas asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións. Estas adaptacións lévanse a cabo para ofrecer un currículo equilibrado e relevante ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerese polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo. Dentro deste colectivo de alumnos, tense en conta tamén o alumnado que posúen un historial escolar e social que produciu “lagoas” que lles impediu a adquisición de novos contidos e, á vez, desmotivación, desinterese e rexeitamento.

- **Adaptacións curriculares non significativas.** Este tipo de adaptacións aplicaríase cando o alumno presenta dificultades de aprendizaxe que non son moi importantes. As adaptacións en metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia de:
 - Os distintos graos de coñecementos previos detectados no alumno
 - A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade entre os alumnos.
 - A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados alumnos.
- **Actividades de aprendizaxe diferenciadas: reforzo e ampliación** No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. As actividades de ampliación proporcionaranse ao alumnado especialmente motivado ou cun interese especial na materia ou aspectos da mesma, material que contribúa a estimular a súa curiosidade e construír aprendizaxes autónomas de acordo coas súas inclinacións, capacidades e motivación.

- **Adaptacións curriculares significativas.** Consisten basicamente na adaptación do deseño curricular de cada materia e curso coas súas respectivas modificacións en canto os obxectivos, contidos, metodoloxía, competencias, estándares de aprendizaxe avaliábeis, actividades e criterios de avaliación que se podan aplicar en cada caso concreto.

As adaptacións curriculares estarán precedidas dun informe e valoración da competencia curricular do alumnado por parte do Departamento de Orientación do centro. A adaptación curricular delimitarase ás necesidades educativas especiais de cada alumno/a. Determinarase o tipo de currículo que seguirá o alumnado en cada unha das materias que imparte o Departamento de Xeografía e Historia coas súas respectivas modificacións (obxectivos, contidos, metodoloxía, competencias, estándares de aprendizaxe avaliábeis, actividades e criterios de avaliación que se podan aplicar en cada caso) así como o seguimento da adaptación curricular para constatar os avances acadados polo alumnado

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a de Valores Éticos, tendo algún deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitado o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o desenvolvemento sustentable, o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade, ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes e en outros é a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta.

FOMENTO DA LECTURA. COMPRENSIÓN LECTORA. EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA

- Potenciar o gusto pola lectura, as habilidades de lectoescritura e as capacidades reflexivas inherentes a unha lectura en valores desde a certeza que son a base da aprendizaxe. Entender a lectura como unha fonte de coñecemento, de enriquecemento lingüístico e desenvolvo moral imprescindible na nosa sociedade.
- Desenvolver estratexias de lectura reflexiva que favorezan as potencialidades do alumnado para realizar unha lectura en valores. Promover a reflexión e o diálogo arredor ás lecturas entre o alumnado como medio para iniciar postas en común das propias motivacións, valores ou opinións.
- Estimular a elaboración propia de textos a través da lectura comprensiva de modelos, así como o interese por compartir e comentar estas creacións individuais.
- Compartir o pracer lector e xuntar recursos didácticos variados, tanto individuais como materiais.
- Fomentar o uso da biblioteca e da aula de informática utilizándoas como espazos privilexiados de aprendizaxe e goce. Seguir colaborando na biblioteca na creación dunha sección de cómics e novela gráfica que comprenda materiais de lectura diversos, combinando diversos soportes, grado de complexidade e formatos.
- Impulsar un uso produtivo das TIC que permita localizar e seleccionar datos e informacións de maneira áxil e eficiente, empregando as novas tecnoloxías como instrumentos de motivación, de comunicación e de acceso á lectura. Dispor de coñecementos para utilizar as TIC con intencionalidade educativa.
- Ter claro que se trata de axudar a formar “lectores” autónomos e estables, que non achegan só aos libros para cubrir esixencias formativas. Carecer de prexuízos esteticistas sobre o tipo de obras que máis atraian a os seus alumnos e saber espertar a súa curiosidade sen prefixar lecturas de antemán.
- O desenvolvemento Expresión Oral e Escrita, en canto eixe transversal educativo, ten como finalidade o desenvolvemento das destrezas básicas no uso da lingua: escoitar, falar, ler e escribir, de forma integrada.

COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

- Familiarizar ao alumnado coas ferramentas e sistemas informáticos máis habituais: procesadores de texto, sistemas operativos, follas de cálculo...
- Potenciar a familiarización do alumnado coas TIC na súa máis ampla acepción. Para isto, sería conveniente integrar de forma transversal nas diferentes áreas de coñecemento a análise de mensaxes ou contidos ofrecidos a través dos chamados mass-media, principalmente a televisión e a Internet.
- Desenvolver a propia tarefa educativa a través do uso dos novos medios e ferramentas que achegan as TIC.

O desenvolvemento do Emprendemento céntrase no desenvolvemento de cinco dimensións ou capacidades do alumnado:

- Dimensión da interacción social. Somos seres en relación, en comunicación con outros. Ningún proxecto deste tipo ten sentido en solitario, a rede de persoas e contactos con clientes, provedores e outros profesionais é esencial. A cooperación con outros en proxectos de talento compartido multiplica os resultados.
- Dimensión da motivación e a forza interior. A motivación de logro, as emocións proactivas, as crenzas positivas, a realización persoal, o desenvolvemento dos propios talentos e a autonomía persoal son esenciais para saír da zona de confort e afrontar os retos con ilusión e valentía.
- Dimensión da mellora-innovación. A creatividade é unha ferramenta básica, a capacidade de satisfacer novas necesidades, mellorar procesos e achegar valor. Isto implica apertura e curiosidade, perseverancia, imaxinación e tamén rigor.
- Dimensión simbólico-comunicativa. A capacidade de expresar as ideas en varios formatos comunicativos como debuxos, mapas, narracións, formas de falar tanto verbal como non verbal, é fundamental, porque de nada vale ter boas ideas e proxectos se non sabemos vendelas, se non convencemos a sociedade disto, se non persuadimos.
- Dimensión ético-crítica. Analizar e comprender os límites da ideoloxía do emprendemento, e do Capitalismo como estrutura dominante nos ámbitos económico, social, político e mesmo psicolóxico e as súas consecuencias negativas no tecido social e político, no mundo natural, nas relacións persoais e na propia formación emocional como persoas plenas, autónomas e felices.

EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL

Na educación actual é cada vez máis necesario dispor dun currículo no que valores, saberes, prácticas e comportamentos teñan como finalidade común conseguir que no futuro as alumnas e os alumnos participen plenamente nunha sociedade tolerante, solidaria, responsable e dialogante. A Educación cívica e constitucional contribúe a desenvolver este novo reto educativo propiciando a adquisición de habilidades e virtudes cívicas para exercer a cidadanía democrática, desenvolvendo o coñecemento das nosas institucións e do noso ordenamento xurídico básico e favorecendo a convivencia en sociedade.

Así, este elemento educativo transversal pretende o desenvolvemento das alumnas e os alumnos como persoas dignas e íntegras, o que esixe reforzar a autonomía, a autoestima e o afán de superación, e favorecer o espírito crítico para axudar á construción de proxectos persoais de vida. Tamén se contribúe a mellorar as relacións interpersoais na medida en que a educación cívica e constitucional favorece a utilización sistemática do diálogo. Para isto, propóñense actividades que favorecen a convivencia, a participación, o coñecemento da diversidade e das situacións de discriminación e inxustiza, que deben permitir consolidar as virtudes cívicas necesarias para unha sociedade democrática.

Así mesmo, contribúese a adquirir o coñecemento dos fundamentos e os modos de organización das sociedades democráticas, a valorar positivamente a conquista dos dereitos humanos e a rexeitar os conflitos entre os grupos humanos e as situacións de inxustiza.

A identificación dos deberes cidadáns e a asunción e exercicio de hábitos e virtudes cívicas adecuadas á súa idade na redonda escolar e social, permitirá que os futuros cidadáns se inicien na construción de sociedades máis cohesionadas, libres, prósperas, equitativas e xustas.

A educación cívica e constitucional propón, ademais, o estímulo das virtudes e habilidades sociais, o impulso do traballo en equipo, a participación e o uso sistemático da argumentación, que require o desenvolvemento dun pensamento propio. A síntese das ideas propias e alleas, a presentación razoada do propio criterio e a confrontación ordenada e crítica de coñecemento, información e opinión favorecen tamén as aprendizaxes posteriores.

Desde a Educación cívica e constitucional desenvólense, así mesmo, iniciativas de planificación, toma de decisións, participación, organización e asunción de responsabilidades. A Educación cívica e constitucional entrena no diálogo e o debate, na participación, na aproximación respectuosa ás diferenzas sociais, culturais e económicas e na valoración crítica destas diferenzas así como das ideas. O currículo atende á construción dun pensamento propio, e á toma de postura sobre problemas e as súas posibles solucións. Con isto, fortalécese a autonomía das alumnas e dos alumnos para analizar, valorar e decidir, desde a confianza en si mesmos e o respecto ás demais persoas.

Favorécese, así mesmo, o coñecemento e o uso de termos e conceptos relacionados coa sociedade e a vida democrática. Ademais, o uso sistemático do debate contribúe especificamente a esta competencia, porque existe exercitarse na escoita, exposición e argumentación.

OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Ademais dos elementos transversais especificamente traballados nos anteriores:

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- A prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse en todo caso comportamentos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.
- Elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.
- Fomento da alimentación equilibrada e da actividade física moderada como fontes de saúde.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

- Asistencia a unha proxección no cinema Numax (Cinema na Escola).

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A este respecto contéplase:

- A partir da avaliación inicial adóptanse as medidas correctoras que a avaliación aconselle co alumnado que presente problemas de aprendizaxe, sempre e cando estas no estiveran establecidas no curso anterior. Entre estas medidas estarían: adaptacións metodolóxicas, de ritmo de aprendizaxe, actividades de aprendizaxe diferenciadas: reforzo ou ampliación e adaptacións curriculares significativas que contaría co asesoramento do departamento de Orientación do centro.
- A reorientación continua derivada da aplicación na aula de la programación didáctica. A docente, en coordinación con el equipo didáctico, e dentro dos órganos de coordinación docente, analizará a adecuación da programación didáctica ao contexto específico do grupo. A partir desta análise se establecerán as medidas de mellora que se consideren oportunas. As opinións do alumnado a través das súas auto avaliacións ou as postas en común son tamén unha referencia importante para unha valoración máis participativa e compartida do proceso do ensino e aprendizaxe.
- Por último, trala aplicación total da programación, cando se teña unha mellor perspectiva se completará cos resultados das avaliacións interna e externa do alumnado.

Os mecanismos de auto avaliación por parte do profesorado son os seguintes:

- Auto avaliación a la finalización del trimestre: as profesoras do departamento farán unha revisión da na que analizarán os resultados de cada grupo.
- Estatística de resultados: porcentaxes de alumnado absentista, obxector, aprobado y suspenso, tamén en relación con trimestre/curso anterior.

- Grado de cumprimento de la programación: indicar si se conseguiron os obxectivos e temporalización previstas. Reflexión, se procede, sobre as razóns dos incumprimentos.
- Propostas de mellora: indicar las propostas en relación a obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación ou temporalización.

Á hora de revisar a programación didáctica e o proceso de ensino-aprendizaxe procuraremos dar resposta ás seguintes cuestións:

- Que porcentaxe de alumnado alcanzou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que recursos e actividades deron mellor resultado?
- Que outras cousas sería posible realizar en función dos intereses do alumnado?
- Que cambiaríamos no desenvolvemento da materia para o próximo curso? Por que?

Ao final de cada trimestre, a profesora repartirá o seguinte cuestionario ao alumnado de cada curso, que responderá de forma voluntaria e anónima:

- Concreta os recursos, elementos, etc que che favoreceron a aprendizaxe?
- Concreta os recursos, elementos, dinámicas, etc, que che supuxeron unha dificultade para a aprendizaxe?
- Que mellorarías ou cambiarías da dinámica de aula?
- Esta información é empregada para axustar, cambiar ou reforzar estratexias de acordo coas respostas e a posterior reflexión da profesora.